

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas**, o **día 2 de xullo de 2024, ás 16:00 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Borja Verea Fraiz
(Presidente)
María Dolores Hermelo Piñeiro
(Vicepresidenta)
Julio Ernesto Abalde Alonso
(Secretario)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Raquel Arias Rodríguez
Juan Manuel Casares Gándara
José Manuel Mato Díaz
Noelia Pérez López
Cristina Sanz Arias
Gonzalo Trenor López
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Iria Carreira Pazos
José Manuel Golpe Acuña
José Daniel Pérez López
Noa Olalla Presas Bergantiños
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

María Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Comparecente:

Conselleiro maior do Consello de Contas

Letrado:

Juan Carlos Caride Puente

O señor presidente abre a sesión e rógalle ao señor secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia sinala que, logo de producida a vacante do cargo da vicepresidencia da Comisión, procede elixir unha nova vicepresidencia. Dado que esta elección non está na orde do día da sesión da Comisión prevista para hoxe, proponse, ao abeiro do disposto no artigo 73.2 do Regulamento da Cámara, a súa alteración coa inclusión dun punto preliminar consiste na elección da vicepresidencia da Comisión.

Posto que non hai oposición a esta proposta, apróbase por asentimento co que queda incluída na orde do día o seguinte punto:

Punto preliminar. Elección da Vicepresidencia
(12/CEEM-000025)

O señor presidente informa do procedemento a seguir para a elección da Vicepresidencia desta comisión: nas papeletas -xa distribuídas polos Servizos da Cámara- débese escribir un só nome; o chamamento efectuarase por orde alfabética e resultará elixido/a vicepresidente/a a persoa que obteña a maioría absoluta de votos (artigos 41, 36.1 e 91.1.2.^a do Regulamento do Parlamento de Galicia).

Por conseguinte, solicita do señor secretario da Comisión que inicie o chamamento das deputadas e deputados. Unha vez rematada a votación o resultado do escrutinio é o que se reflicte a seguir:

María Dolores Hermelo Piñeiro	9 votos
En branco	8 votos
Total de votos emitidos	17 votos

En consecuencia, queda elixida **vicepresidenta** da Comisión **María Dolores Hermelo Piñeiro, do G.P. Popular de Galicia**, que se incorpora á Mesa da Comisión.

A continuación, pásase á tramitación do punto primeiro:

Punto 1. Comparecencia do conselleiro maior para presentar a Memoria de 2022 que contén os correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia, incluído o de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021.

56574 (11/MCON-000004)

Publicación da memoria anual, BOPG n.º 542, do 10.08.2023

O señor presidente logo de darlle a benvida ao señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández, concédelle a palabra por un tempo de entre 20 e 30 minutos.

O **señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández**, procede á presentación da Memoria de actividades de 2022, que contén os correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia, incluído o de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021.

Ao remate da anterior intervención, a Presidencia abre unha rolda de grupos parlamentarios na que interveñen as **señoras: Espinosa Mangana, María Elena (S) Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG), e Sanz Arias, Cristina (P)**, as que, logo de darlle a benvida ao señor conselleiro e agradecerlle o traballo levado a cabo dende esa institución, expoñen diferentes cuestións e consideracións sobre a información recibida -*O señor Ojea Bouzo (M), renuncia a facer uso da súa rolda de intervención*-.

Pecha o debate deste punto o **señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández**.

Punto 2. Comparecencia do conselleiro maior do Consello de Contas para presentar o Plan de traballo de 2024

Publicación do programa anual de traballo, BOPG n.º 623, do 12.01.2024

Publicación do programa anual de traballo, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024
63790 (11/CPAT-000003)

O señor presidente concédelle de novo a palabra ao **señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández**, por un tempo aproximado de entre 20 e 30 minutos, quen procede a informar sobre o Plan de traballo de 2024.

A continuación ábrese a rolda de grupos parlamentarios, na que interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)** e as **señoras: Espinosa Mangana, María Elena (S) Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG), e Sanz Arias, Cristina (P)**, que expoñen diferentes cuestións e consideracións sobre a información recibida.

Pecha a comparecencia o **señor conselleiro maior do Consello de Contas, Juan Carlos Aladro Fernández**.

O señor presidente recorda aos grupos parlamentarios que, de acordo cos artigos 7 e 8 das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, ábrese un prazo de tres días hábiles, que remata ás 18.30 do día 5 de xullo de 2024, para os efectos de que os grupos parlamentarios poidan formular:

- a) Propostas de resolución aos informes de fiscalización.
- b) Obxeccións á liquidación das contas do Consello de Contas de 2022.
- c) Recomendacións á Memoria de 2022.

- d) Recomendacións ao Plan de traballo do ano 2024.
- e) Designación de ponentes para emitir informe en relación cos informes de fiscalización.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o señor presidente levanta a sesión.

Remata a sesión ás 18:25 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcripción literal da sesión.)

**Borja
Verea Fraiz**

Firmado digitalmente por Borja
Verea Fraiz
Nombre de representante da Comisión
cn=Borja Verea Fraiz
email=borja.verea.fraiz@parlament
odegalicia.es
Fecha: 2024.09.10 08:37:05 +02'00'

**Julio
Abalde
Alonso**
Julio Ernesto Abalde Alonso
Secretario da Comisión

Firmado
digitalmente por
Julio Abalde Alonso
Fecha: 2024.09.09
13:25:35 +02'00'



**ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON
LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS, DO DÍA
2 DE XULLO de 2024**

(Comparecencia do conselleiro maior do Consello de Conas)

(Ábrese a sesión ás 16.00 horas).

O presidente da Comisión (señor Vereia Fraiz): Comezamos xa coa orde do día ordinaria, co primeiro punto da orde do día.

Comparecencia do conselleiro maior do Consello de Contas para presentar a memoria anual de actividades do ano 22 que contén os correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia, incluído o de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia 2021. Cunha intervención do conselleiro maior arredor de 30 minutos, unha intervención de todos os grupos parlamentarios arredor e con flexibilidade de 10 minutos, e peche do conselleiro maior por 10 minutos.

Así que comeza o conselleiro, ao que lle damos por suposto a benvida.

O conselleiro maior do Consello de Contas (Juan Carlos Aladro Fernández): Boas tardes.

Comparezo hoxe para dar conta tanto da memoria da actividade correspondente ao exercicio 2022 como do Informe do conta xeral da comunidade autónoma 2021; presentados a este Parlamento o 28 de xullo de 2023. Darei conta tamén dos informes presentados a este Parlamento durante o exercicio de 2023.

En primeiro lugar, imos facer referencia á memoria de actividades 2022. Os órganos colexiados reuníronse no Consello de Contas en 45 ocasións: 15 veces no Pleno, 18 veces na Comisión de Goberno, 8 veces na sección de fiscalización e 4 veces á exención de prevención de la corrupción. Neste exercicio o Pleno non adoptou ningún acordo de carácter normativo; asinouse un único convenio de colaboración, da formación de investigación e auditoría sector público FIASEP o 30 de xuño de 2022, como propósito de mellorar as colaboracións das entidades existentes para a formación e mellora de competencias profesionais do persoal que desenvolve as súas funcións no ámbito do control, da fiscalización e de auditoría.

Por outra banda, o Pleno autorizou a sinatura dos seguintes convenios: o convenio co Tribunal de Contas e os OCS para participar de maneira activa no desenvolvemento da implantación do Proxecto Fiscalices, polo que se acordan as condicións para a adaptación da plataforma da xestión de auditoría das institucións de control externo. O Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o Consello de Contas para a realización de prácticas académicas externas, curriculares e extracurriculares do alumnado desta Universidade. O Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña sobre actividades conxuntas coa Cátedra de Dereito Local.

No ano 2022 recibíronse 8 comunicacións e denuncias e o Pleno acordou archivar 4 delas e tomar en consideración outras 4 referidas, respectivamente, aos concellos de Vila de Cruces, de Valga e de San Amaro. A memoria de actividades incorpora tamén o informe de actividades desenvolvidas pola Sección de Prevención da corrupción, tal como exige a lei do Consello de Contas e as actuacións da Comisión técnica de prevención da corrupción.

Cómpre salientar os seguintes traballos: directrices técnicas de actuación diagnóstica sobre a implantación dos sistemas de control interno de xestión de riscos das entidades dependentes do Sergas; directrices técnicas sobre o informe de avaliación da preparación das entidades locais de Galicia para a implementación dos fondos Next Generation, exercicios 21 e 22.

En materia de sensibilización e concienciación, a Comisión de seguimento do protocolo de colaboración entre a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consello para a prevención de corrupción no sector público, baseada fundamentalmente nun intercambio de información; e a identificación con maior detalle posible dos comportamentos de fraude ou corrupción que teña producían no sector público autonómico. Así mesmo, convocouse e resolveuse a III edición do Premio Carlos Otero Díaz.

Por outra banda, a Memoria anual recolle o informe das actuacións do Comité de ética, reuniuse en tres ocasións no ano 22 e resolveu as 3 denuncias por incumprimento de valores. O Comité decidiu non admitir 2 delas e archivar a restante unha vez emitido o correspondente informe asinado.

No exercicio de 2022 non se presentaron ningún tipo de consultas. E no que se refire á actividade xurisdiccional, non se practicaron actividades xurisdiccionais derivadas da delegación do Tribunal de Contas. No exercicio da función consultiva realizáronse dous ditames: ditame sobre asesoramento solicitado pola Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela e sobre o asesoramento solicitado pola Federación Galega de Confrarías do estado.

A continuación paso a relatarlles as principais actuacións dos distintos departamentos da institución. En materia de persoal, non se modificou en forma algunha a nosa RPT; houbo 2 xubilacións, cubríronse 4 postos en comisión de servizos e reincorporouse ao seu posto de traballo 1 auxiliar administrativo cunha situación de servizos especiais.

Por outra parte, por acordo da Comisión de Goberno de 1 de marzo de 2022, aprobouse a convocatoria pública mediante concurso específico de 4 postos vacantes de auditores

nivel 30, 2 auditores técnicos e 1 técnico de xestión. O total de vacantes a 31 de decembro era de 14 postos dun total de 96 efectivos.

No que se refira a actividade e á formación, o Consello vén participando regularmente en actividades formativas da Fundación, Formación e Investigación de auditoría do sector público (FIASEP) e pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP). En calidade de asistente, moderador ou relator participamos tamén en el X Congreso Nacional de Auditoría, no I Foro profesional de auditoría pública organizado pola Universidade de Castilla-A Mancha.

No departamento de Informática, no curso deste exercicio avanzouse no ámbito do Goberno ..., e no que se refire á información relativa ao sector público autonómico, como o Goberno local. No eido autonómico, deuse soporte para a continuidade do proxecto de rendición de contas xeral, reparos e contratos das entidades do sector público e fixéronse diversas ampliacións ás accións e melloras solicitadas. Cargouse a información de contratos da Administración autonómica correspondente ao exercicio presente e ao anterior.

No ámbito local, deuse soporte para a continuidade do proxecto de rendición e análises dos datos da conta xeral, reparos, contratos das entidades locais; e fixéronse diversas ampliacións, adaptacións e melloras solicitadas. Desenvolveuse nun novo contrato de carga de análise de datos de control interno en relación cos reparos aos expedientes de non conformidade da Administración local debido a modificacións legislativas.

Por último, continuouse co desenvolvemento de proxectos horizontais e relacionados con datos abertos ao sistema interno de formación do Consello de Contas —chamado SIACON— e terceiros do Consello de Contas —chamado TERCON—, cadro de mandos de persoal e procedemento denuncias. Así mesmo, participamos nunha xornada tecnolóxica e administración electrónica nas IFES, na iniciativa liderada pola sindicatura de Contas de Asturias, onde estiveron presentes os departamentos de novas tecnoloxías. Ademais, no que atinxe á renovación e ao mantemento de sistemas, substituído o sistema de alimentación ininterrompida (SAI), renováronse as centraliñas telefónicas dando servizo de telefonía e ... de equipamento audiovisual das salas de plenos. Leváronse a cabo tarefas relacionadas coa configuración e soporte de sistemas e mantementos do proceso.

O Grupo de traballo de administración electrónica, creado en 2018, reuniuse en oito ocasións, coa identificación e análises de procedementos sobre revisión do Plan estratéxico de administración electrónica e posta en marcha o Proxecto Fiscalices, en colaboración co Tribunal de Contas. Xunto coa actividade institucional —que poden vostedes consultar na web—, cómpre mencionar a participación do Consello na

Comisión de Transparencia, a Xunta e o valedor do pobo, que se reuniron en 11 ocasións nas que se coñeceu de 211 reclamacións.

Por outra banda, a Comisión Mixta do Consello de Contas e a Intervención Xeral celebrou 2 sesións coas seguintes cuestións relativas á revisión da conta xeral: a necesidade anticipar a remisión da documentación de cara a adiantar os traballos de fiscalización, seguimento das recomendacións dos informes de fiscalización de exercicios anteriores, e os avances no desenvolvemento regulamentario dos proxectos do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Na segunda sesión abordáronse plans de control e os controis realizados sobre os fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; tamén o seguimento das recomendacións. E, por último, unha proposta de avance de rendición telemática de conta xeral presentada pola propia Intervención Xeral.

En relación coa información e o seguimento das recomendacións relativas ao sector público autonómico, atópanse en proceso de aplicación ou aplicadas total ou parcialmente o 67,7 % das afectadas pola Administración. A Administración non aceptou recomendacións efectuadas nun montante do 14,6 %, por discrepar do criterio seguido polo Consello de Contas.

En relación co sector público local, o seguimento das recomendacións fíxose nun informe específico. E neste punto remata a miña intervención no que se refire á actividade desenvolvida polo Consello de Contas do ano 2022.

A continuación, voume referir ao Informe do Conta xeral da comunidade autónoma exercicio 21, remitido ao Parlamento —como xa dixen— o 28 de xullo de 2023. O dito informe emite a declaración definitiva sobre a conta xeral, sinalando que reflicte razoablemente a actividade económico-financeira desenvolvida no exercicio 21; e a que a información contida resulta conforme en todos os aspectos significativos co marco normativo de información financeira e de xestión de fondos públicos, excepto por determinadas limitacións ao alcance e incorreccións que afectan á opinión de auditoría financeira e á opinión de auditoría de cumprimento e que veñen sendo recorrentes xa en exercicios anteriores.

Por outra banda, formúlase recomendacións que buscan contribuír á mellora da rendición de contas, de manterse un apartado específico de información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores. No informe dáse conta da aceptación e aplicación parcial de 4 recomendacións de informes anteriores. Ademais, houbo 5 que, se ben foron estadas, están pendentes de aplicación; e 4 o que non se aceptaron e mantéñense nos termos formulados. Formuláronse 3 novas recomendacións.

Concluída a exposición relativa á conta xeral, voume referir de forma breve aos demais informes que se remitiron ao longo do exercicio 23. Dentro das competencias da área de corporacións locais, realizáronse os seguintes informes: Informe especial de fiscalización de comunicacións, concellos de Cangas, Mugardos, Culleredo, Xunqueira de Ambía e Pontearreas. Este informe remitiuse en resposta ás comunicacións presentadas no Rexistro do Consello en relación cos concellos antes ditos.

Primeiro, o Concello de Cangas, a fiscalización consistiu en verificar as situacións e causas concretas que deron lugar ás resolucións da alcaldía contrarias a reparos formulados pola Intervención; a aprobación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito. O informe pon de manifesto que se adoptaron de xeito sistemático acordos contrarias aos reparos formulados pola Intervención; e incumprimentos en materia de contratacións, subvencións e persoal.

Concello de Mugardos. Neste caso as actuacións centráronse en verificar a correcta aplicación da normativa en materia de contratación pública; tamén en analizar os expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito e avaliar o cumprimento da estabilidade orzamentaria. O informe pon de manifesto que Mugardos utiliza de forma recorrente a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos. Así mesmo, reflicten o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación dos exercicios 18 e 19, e o obxectivo da regra de gasto do exercicio e 18.

Concello de Culleredo, tamén referido a acordos contrarios, a reparos formulados pola Intervención en materia de contratación pública. A conta xeral do 2019 foi rendida con defectos graves, abuso da contratación menor e a adxudicación directa sen procedemento de contratación ou acrecenta o risco de supostos fraccionamentos de gasto; superación de límites e elusión dos principios de libre concorrência, transparencia e integridade.

Concello de Xunqueira de Ambía. Os saldos de dubidoso cobro e a súa cuantificación no estado de remanente de tesourería foi un dos criterios analizados, e tamén inclúense aspectos financeiros. O informe de fiscalización pon de manifesto que non se adoptou un acordo plenario para establecer os criterios a aplicar no cálculo dos saldos de dubidoso cobro, nin constan as bases de execución do orzamento dos exercicios do 2017 a 2020, regulación específica sobre a dotación deste tipo de saldo. Con todo, a principal conclusión é que o concello practicou provisións axustadas ás porcentaxes mínimas a que está obrigado, polo que a determinación dos saldos de dubidoso cobro adecúase ao procedemento previsto legalmente.



Concello de Ponteareas. Neste tamén analizouse a contratación pública, poñéndose de manifesto unha serie de irregularidades no caso dos contratos menores que superan no exercicio de 2019 os límites establecidos no artigo 118 da Lei de contratos do sector público. Déixase constancia tamén da publicación destes contratos na Plataforma de Contratación e da súa publicación con deficiencias no Portal de transparencia do Concello.

Fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos en entidades locais, indemnizacións por razón de servizo, asistencias e outros gastos. Estas son referidas como consecuencia das comunicacións aos concellos de Vilasantar, Catoira, Trazo e Valga.

Réxime de indemnizacións por desprazamentos, indemnizacións por gastos efectivos, gastos representativos e protocolarios, percepcións económicas polas asistencias a órganos colexiados. Verificouse que na normativa interna das entidades obxecto de fiscalización non se adecúa ao marco xurídico previsto na Lei reguladora de bases do réxime local. En relación coas percepcións económicas non salariais e indemnizacións por gastos efectivos, tanto no que se refire á súa determinación como á súa xustificación.

Informe de seguimento das recomendacións das entidades locais 20-21. O resumo de respostas recibidas é o seguinte: das 580 recomendacións seguidas, 225 non son contestadas; das 355 recomendacións que si son contestadas, en 284 ocasións as entidades aceptan as recomendacións, sendo 106 as recomendacións aplicadas, 50 parcialmente aplicadas, y en 199 non se adoptan medidas.

Informe da conta xeral das entidades locais de Galicia, exercicio 21. A totalidade dos concellos renderon na súa conta e o 72,22 % fixérono en prazo. E, pola contra, non renderon as súas contas, primeiro, unha entidade local menor e 13 mancomunidades.

As análises dos datos da rendición das contas xerais pon de manifesto que o 10,28 % das entidades locais presentan a conta xeral con defectos de integridade que afectan ao seu contido. 14 non tiñan presentado a conta xeral á data do peche deste informe; 239 entidades, ou sexa, o 69,08 do total das entidades que remitiron a conta xeral aproban a súa conta xeral antes do 1 de outubro do exercicio de 2022, tal como exige o texto refundido da Lei das facendas locais. Polo que respecta aos orzamentos, só 104 entidades das entidades que remitiron a conta xeral aproban o seu orzamento en prazos.

Informe de fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade na Deputación de Ourense, exercicio 22, e na Deputación de Lugo, no mesmo exercicio. Os obxectivos deste informe son: o grao de eficacia dos controis básicos de ciberseguridade. Na



Deputación Provincial de Ourense, o grao de exercicio de control destes controis alcanza un índice de madurez xeral do 48 %, que se corresponde cun nivel de madurez N2, repetible pero intuitivo, é dicir, os controis realízanse pero existen controles parcialmente establecidos e non formalizados.

En relación á Deputación Provincial de Lugo, o grao de control na xestión nos controis básicos de ciberseguridade alcanza un índice de madurez xeral do 42 %, que corresponde a un índice de madurez N1; o proceso existe pero non se xestiona, o enfoque xeral da xestión non é organizado.

A continuación paso a referirme aos informes de fiscalización do sector público autonómico: o primeiro sería o informe de conta xeral, ao que xa fixemos referencia. El informe de fiscalización da conta xeral do Sergas do exercicio 21 presentan os seguintes rasgos: O orzamento do Sergas por exercicio fiscalizado alcanzou 4.485 millóns de euros, un incremento respecto do ano anterior dun 11 %. O gasto orzamentario nun exercicio 21 derivado da actividade concertada elevouse a 221 millóns de euros, aumentando un 6 % respecto do exercicio anterior. O gasto farmacéutico en termos de obrigas recoñecidas e atendendo aos epígrafes que as rexistran, ascendeu no exercicio a 1.385 millóns, un incremento do 5 %. O 60 % deste gasto correspóndense coa prestación farmacéutica a través de receitas médicas e o 40 % restante ao consumo de produtos farmacéuticos realizados polo propio Sergas.

As actividades asistenciais víronse afectadas dun xeito significativo por la pandemia. A atención hospitalaria increméntase con respecto ao 2020; e, porén aínda non se alcanzaron os niveles, excepto en primeiras consultas no ano anterior á declaración da pandemia, en particular: nos apartados de cirurxía con ingreso, menos un 11 %; cirurxía maior ambulatoria, menos un 9 %; e urxencias, menos un 14 %.

Na atención primaria, o volume de consultas de medicina de familia aumentou tanto no 2020 como no 2021 un 1,6 e un 6 %. Polo contrario, as de Pediatría descendieron un 10 % en 2020 e incrementáronse nun 11 % en 2021. En termos cualitativos é destacable o gran incremento que pasan a ter as consultas telefónicas, que significaron en 2021 un 64 % as relativas á medicina de familia, e un 55 as relativas a Pediatría; cando no ano anterior á pandemia acadaban só o 17 e 11 %, respectivamente.

Pese á mellora dos niveis de actividade en 2021 os tempos de espera tamén foron incrementados, en relación a este último ano 2020 as demoras son moito máis elevadas: con incrementos do 42 % en cirurxía, do 36 % en consultas e o 41 % en probas diagnósticas. Por último, o gasto do Sergas en 2021, dentro do proxecto de gasto covid, ascendeu a 245 millóns de euros, un 18 % máis que en 2020.

No que se refire ás recomendacións, cabe destacar o cumprimento parcial de catro delas; pola contra, seguen pendentes de aplicación 11 recomendacións procedentes de informes anteriores. E introdúcense así mesmo tres novas, o informe económico e financeiro das entidades instrumentais e a autonómica relativas ao exercicio do 2021 analiza as 114 entidades del sector instrumental; e, con carácter xeral, renderon en prazo as súas contas anuais e xestionaron en 2021 178 millóns de euros, o 15 % do orzamento autonómico.

O 76 % dos recursos destes entes proceden do financiamento da Administración e gozan de media dun grado de autonomía financeira elevado, un 81 % con escaso recursos á débeda. A evolución da débeda do sector público instrumental amosa un forte decrecemento no exercicio do 2019 e no exercicio do 2021 obsérvase un novo repunte xa que mentres os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais reducen a súa débeda, como consecuencia da redución dos acredores orzamentarios no Instituto Galego da Vivenda e Solo e en Augas de Galicia, respectivamente, no resto das formas xurídicas a débeda incrementouse significativamente; pola contra, o gasto de persoal medrou un 20,9% neste período. En termos agregados, presentan unha razoable e posición de solvencia a curto prazo. Entre as recomendacións pendentes de aplicar continúa pendente a posta en marcha do rexistro das entidades dependentes prevista na Lofasga e o establecemento de sistema de identificación de entidades que poden reunir os requisitos legais. Por último, cómpre sinalar que catro recomendacións atópanse aplicadas parcialmente.

Polo que respecta ao informe en materia de fondos europeos, o informe pon de manifesto unha vez máis que a súa execución é notablemente inferior á execución dos orzamentos xerais da comunidade autónoma e recomenda unha planificación e xestión máis eficaz neste ámbito.

E en relación aos fondos de compensación interterritorial, pódese constatar que dúas das recomendacións procedentes de exercicios anteriores foron total ou parcialmente aceptadas, manténdose en vigor outras sete. O informe do exercicio 21 recolle dúas novas recomendacións: os xestores dos proxectos financiados cos FCI da comunidade autónoma deben mellorar o grao de colaboración co Consello de Contas no sentido de aportar a documentación que se lles solicita en tempo oportuno, e as peticións de fondos tramitadas pola comunidade autónoma deben de cumprir o establecido no artigo 8 da Lei das FCI. Deberán efectuar a primeira petición do fondo, o 25 % do importe da dotación de cada proxecto cando se producira a adxudicación da obra ou subministro obxecto do investimento.



O informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para implementación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia exercicios 21 e 22.

Aquí o obxecto da fiscalización é analizar as medidas adoptadas na comunidade para garantir a adecuada gobernanza dos fondos recibidos para a execución do Plan para a planificación e xestión dos recursos humanos, para a adaptación do sistema de xestión nos procedementos e os sistemas de información.

O informe recomenda, entre outras medidas, que se impulse o desenvolvemento das funcións da Lei 9/2021, que atribúe aos órganos de gobernanza do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; que se aproben os instrumentos de planificación; que se aprobe un plan estratéxico de subvencións e un plan anual de contratación; que se implante un sistema de información a nivel autonómico.

Informe de fiscalización do Programa de ordenación e inspección do Transporte, exercicio 2020. É unha fiscalización integral que incorpora aspectos financeiros de cumprimento operativos conforme aos principios e normas de fiscalización das normas ISAE. A fiscalización financeira centrouse na comprobación da adecuada contabilización das obrigas orzamentarias. Unha das principais incidencias neste ámbito ten que ver co cambio do exercicio 2020 do criterio de contabilización de gastos derivados do transporte por estrada, que pasan a rexistrarse no programa 423A, servizos e axudas complementarias das ensinanza. Porén, os gastos de transporte xeral de viaxeiros non deben contabilizarse nun programa de gasto incardinado na función da educación, agás no que atende ao transporte escolar.

A fiscalización de cumprimento céntrase na aplicación dos principios de transparencia, igualdade de trato dos operadores, competencia, e proporcionalidade na adxudicación das concesións de servizo público. O informe conclúe que a participación nas licitacións foi moi limitada, a 72 lotes concorre un só licitador. As empresas concorreron fundamentalmente a través das UTs, constituíndo esta forma asociativa o instrumento de acceso ás contratacións das Pemes. En boa parte das UTs existe unha importante diferenza na participación das empresas, nunha boa parte dos lotes dos concursos a porcentaxe de participación das Pemes nas UTs foi moi minoritaria.

No que se refire á fiscalización operativa, orientouse a análise de aplicación das directrices do Plan de Transporte público de Galicia a ... do grao de cumprimento dos seus obxectivos a partir das categorías dos indicadores establecidos. A conclusión principal neste sentido é que non se ten elaborado un documento específico con indicadores cuantificables.



Cómpre destacar como limitación a este traballo que a crise sanitaria repercutiu por unha importante redución dos desprazamentos da poboación motivados polas medidas restritivas en tempo de pandemia.

Informe de fiscalización dos criterios de adxudicación e da contratación menor das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega. O obxecto deste informe enmárcase no obxectivo do Plan estratéxico do Consello de Contas para o período de 19-22 de contribuír á transparencia e á mellora da xestión económica. O informe analiza os criterios de adxudicación dos procedementos abertos se estes se suxeitan ou se axustan á legalidade, na segunda parte indícanse os obxectivos específicos dos traballos.

As conclusións do informe, tras a análise efectuada, foron os seguintes: primeiro, en relación aos procedementos abertos, no 60 % dos expedientes non se motivou a elección dos criterios de adxudicación, incumpríndose o artigo 116 da Ley de Contratos del Sector Público; no 96 % dos contratos cumpriuse coa obriga de utilizar unha pluralidade de criterios; no 70 % dos expedientes cumpriuse coa obriga de dar preponderancia aos criterios automáticos; nos expedientes no que se incluíron criterios dependentes de xuízo de valor no 76% da mostraxe non se cumpriu coa obriga de formularlos de forma obxectiva; no 46% dos expedientes revisados incluíronse criterios de adxudicación susceptibles de anulación por ser contrarias á legalidade ou doutrina dos órganos de recursos contractuais. Na valoración dos criterios automáticos verificouse a correcta aplicación das fórmulas previstas nos pregos.

Na relación coa contratación menor, as conclusións son as seguintes: o importe adxudicado incrementouse en termos absolutos. Tras a promulgación da Ley de contratos del sector público non se reduciu a utilización da contratación menor. Non se utilizaron os procedementos alternativos previstos na lei para axilizar as contratacións, como o aberto e supersimplificado aos sistemas dinámicos de adquisición.

Con carácter xeral, as entidades respectaron o límite cuantitativo previsto no artigo 118.1: no 65 % das entidades detectouse a superación de límite temporal dun ano para a prestación continuada de servizos, no 46 % das entidades —12— detectouse a utilización de contratación menor respondendo a necesidades recorrentes, no 15 % detectáronse supostos de fraccionamiento indebido. A solicitude das tres ofertas foi excepcional, as entidades instrumentais —agás unha— cómpren coa obrigación de publicar os contratos menores, mais observáronse restricións no acceso á información.

Informe relativo á avaliación e á análise da situación económico financeira, patrimonial e orzamentaria dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario. Aquí perséguese un dobre obxectivo: valorar a calidade e a transparencia da información financeira, e avalar a situación económica destas entidades. E conclúese



que a información financeira presenta debilidades no seu réxime xurídico, na súa elaboración e na súa difusión e publicación. A ausencia de regulación por parte da comunidade autónoma dun réxime contable específico fai que a información financeira non sexa homoxénea. Os consellos reguladores non renden as contas anuais ao Consello de Contas, tal como é obrigatorio, e ademais ... entidade e os consellos non publican información contable nas súas páxinas web. En canto ás conclusións sobre a situación económica, a análise orzamentaria dos consellos reguladores amosa unha situación financeira caracterizada por resultados positivos.

Informe de fiscalización sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas. Si foi eficiente o uso desta fórmula de colaboración público-privada por parte da Xunta nas cinco autovías xa coñecidas de Santiago, Brión, O Salnés, Barbanza, Celanova e Costa da Morte. Todas elas son concesións e son coñecidas como de peaxe en sombra; en definitiva, son autovías gratuítas para o usuario pero non para o contribuínte. A finalidade última do informe é tripla: a mellora do coñecemento desta materia, a valoración da xestión realizada, a proposta dunha recomendación cuxa aplicación aforraríalle cartos ao contribuínte.

As principais vantaxes destas concesións son que, con carácter xeral, as autovías foron construídas nos prazos razoables, presentan un bo nivel de mantemento e teñen unha boa calidade do servizo. Pola contra, están a resultar caras, xa que o custo aumentou debido a que o tráfico era inferior ao previsto; renegociáronse mediante sistemas de reequilibrio 3 das 5 concesións e incrementáronse os custos en 205 millóns de euros. Neste sentido, o informe inclúe unha recomendación á Axencia Galega de Infraestruturas que sería válida a reducir dende agora ata 2032 a súa contía. Segundo a análise efectuada polo Consello de Contas garantindo esta viabilidade financeira, existen posibilidades de reducir as tarifas abonadas pola Administración e xerar aforros nos orzamentos públicos por valor de cando menos 44 millóns de euros.

Informe de fiscalización dos contratos subscritos entre as fundacións sanitarias Sergas, cuxo obxectivo principal foi verificar o cumprimento dos contratos-programa. Son tres eses contratos programas: o primeiro, esa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica no exercicio 21, estímase que a achega por parte do Sergas é suficiente. Non se considera, sen embargo, realista a previsión dos ingresos pola liquidación do importe facturado a terceiros; non se logra a homoxeneización na prestación dos servizos entre as distintas áreas sanitarias. Avaliouse a eficacia da actividade desenvolvida no ano 21, acadándose tanto no que respecta ao volume de actividade como nos indicadores asociados á súa calidade.

En relación á eficiencia, no programa 21 lógrase unha maior eficiencia xa que a variación das tarifas permite incrementar o número de probas a realizar.



Contrato programa formalizado —a segunda— coa Fundación pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061. Contrato-programa que ten catro procesos: xestión de chamadas, a existencia de transporte sanitario urgente, dispositivos sanitarios de risco previsible, formación e investigación; que ademais se desenrolan en 14 programas asistenciais. Avaliouse a eficacia do grao de consecución dos obxectivos fixados no contrato-programa vixente, evidéncianse importantes dispersións nos tempos medios asistenciais entre os concellos distintos da comunidade autónoma.

En terceiro lugar, o contrato-programa formalizado coa Fundación pública Instituto Galego de Oftalmoloxía. Formalizouse un contrato-programa formalizado no ano 2022, que incorpora os obxectivos estratéxicos operativos. Avaliouse a eficacia da actividade desenvolta no 91 en función do grao de consecución dos obxectivos, acadándose tanto no que respecta ao volume de actividade de intervención de cataratas como na subministración de lentes.

Polo que respecta ao resto de indicadores e a información incorporada na memoria actual anual, non permite valorar o seu grao de consecución. En termos de eficiencia o número de probas e realizar un determinado financiamento coa formalización do programa do ano 2022 non se acada unha maior eficiencia xa que non hai diminución das tarifas aplicables á actividade. Tampouco se logrou a homoxeneización na prestación de servizos entre as distintas áreas sanitarias.

Informe de fiscalización do impacto da pandemia no ámbito da contratación do Sergas. Con esta fiscalización distinguíronse tres aspectos: primeiro, a contratación de emerxencia no período de marzo 20 a maio 21, a práctica totalidade dos procedimentos contractuais para atender o impacto da covid foron tramitados por esta vía. Totalizan 148 expedientes que a nivel de importe concéntranse nun 47 % nos servizos centrais do Sergas, estando distribuídos os restantes de xeito moi desigual entre as distintas áreas sanitarias.

A fiscalización abrangue os expedientes tramitados polos servizos centrais e os das áreas sanitarias da Coruña, Santiago e Vigo, representando un 71 % do total de los expedientes, e o 74 % dos importes inicialmente estimados.

É entendible la utilización deste procedemento nos primeiros momentos da pandemia. Coa normalización dos mercados bótase en falta a utilización de procedementos incluso dentro da vía de emerxencia máis respectuosos cos principios que inspiran a contratación do sector público. En referencia á suspensión de prazos de contratación e execución, no Sergas paralizouse a tramitación de 50 expedientes para os cales o prazo medio de suspensión foi de 72 días. Ditouse resolución de suspensión para 38

contratos, a meirande parte deles de prestación de servizos non esenciais e administrativos especiais, a duración media de suspensión foi de 72 días. Con carácter xeral, a duración media de suspensión foi de 97 días e deu lugar á rescisión de 2 contratos e á petición dos contratistas.

Cuestións relativas ao custo do impacto do covid non incluídos nos apartados nas peores circunstancias da pandemia, tanto en termos sanitarios como de mercado. O Sergas recibiu importantes doazóns ou achegas sen custo por parte de equipos de protección ben por parte do Estado ou de empresas o entidades diversas, o que incidiu na política de adquisicións a cubrir necesidades de dispoñibilidade na materia e a posibilitar aforros.

Entre as principais familias de produtos, e valorando o prezo destes a prezo medio unitario de adquisición polo Sergas, o impacto foi o seguinte: máscaras cirúrxicas, 6,5 millóns de euros, o que representa o 30 % das adquiridas; máscaras tipo NK95, 704.000 euros, o que representa o 89,5 % das compradas; luvas de exame, 242.000 euros, o 2 % das institucións; desinfectante para mans, 292.000 euros; test rápido de atención en sangue, 11,2 millóns de euros, un 363 % das adquiridas; probas PCR para a detección cualitativa do coronavirus, 325.000 euros, o que representa un 1.599 % das cantidades compradas. E entre os principais doantes, cabe sinalar a Administración do Estado, a través do Instituto Nacional de Gestión Sanitaria —Ingesa—, un 95 %; e a Inditex un 3 %.

Doazóns de equipamento e o seu impacto na política de compras. Ao igual que nos materiais de protección —aos que xa fixemos referencia—, o Sergas recibiu unha serie de doazóns en equipamento médico: ventiladores, monitores, camas, ecógrafos; supoñendo un aforro de 19,4 millóns de euros para o Sergas. Entre os principais doantes cabe salientar a Fundación Amancio Ortega, o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria —Ingesa— e a entidade

Existen 11 reclamacións de terceiros que prestan servizos sanitarios con medios alleos, e de todas estas reclamacións o seu importe global ascende a 15,9 millóns de euros. Todas as foron desestimadas, salvo o 9 que están en vías de proceso contencioso-administrativo no momento da elaboración deste informe.

Pasamos a outra serie de informes sobre a avaliación de los sistemas de control interno aprobados pola sección de corrupción. O primeiro sería o informe de avaliación dos sistemas de control interno e prevención de riscos da corrupción da Administración...

O presidente da Comisión (señor Vereza Fraiz): Señor conselleiro, ten que ir encarando un pouquiño ao final.



O conselleiro maior do Consello de Contas (Juan Carlos Aladro Fernández):
Moitas grazas.

Trátase de avaliar o grao da implantación, avaliar os informes de implantación de medidas, á súa posta efectiva, determinar o grao de coñecemento da percepción do persoal con respecto ao marco ético; colaborar en todos os centros de consolidación da metodoloxía sólida, facer un seguimento específico no grao de implantación.

En termos xerais, a valoración global dos sistemas de control, impulsou un deseño dun sistema consolidado e unha estratexia baseada en criterios bicos, e foi documentada nun programa marco de integridade institucional, 2021-2024. Dotouse ao sector público autonómico dun marco de integridade institucional e de plans de prevención. Cos parámetros definidos para o Consello de Contas, a valoración de implantación dos elementos de control interno segue situándose a un nivel medio, contando co deseño e a aprobación de ...

O informe de avaliación dos sistemas de procedementos das entidades locais para a implementación dos fondos Next Generation da Unión Europea, exercicio 20-21 —e con isto remato— se realizaron un diagnóstico inicial; e, así mesmo, actuacións de colaboración, impulso, acompañamento. E unha primeira fase realizouse desde un enfoque de proceso e non tanto de fitos e resultados completos. Colaborouse co desenvolvemento de ferramentas para o reforzamento das infraestruturas éticas e de administración na Administración local. E o informe conclúe que con carácter xeral os plans de medida antifraude aprobados son de aplicación a toda organización das entidades locais na medida en que participen na xestión destes fondos. A situación global considera que o risco é medio, atopándose os puntos máis débiles na formación do persoal, materia ética e a implantación de canles de denuncias, etc.

Nada máis. Moitas grazas.

Espero que é a segunda parte sexan moito máis leve.

O presidente da Comisión (señor Vereá Fraiz): Moitas grazas, señor conselleiro maior.

Abrimos un turno de intervención dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra Armando Ojea, do Grupo Mixto.

O señor Ojea Bouzo (M): Señor presidente.

Grazas.

Comuniquei que non usaba o turno.

A **señora Espinosa Mangana (S)**: Boas tardes, presidente.

Señorías.

Antes de entrar en materia, gustárame agradecer a comparecencia ante esta Cámara do señor conselleiro maior do Consello de Contas. Comparecencia que foi solicitada polo noso grupo o pasado 21 de maio en aras a garantir o principio de transparencia e de respecto ao labor de control do Parlamento galego sobre o poder executivo galego. E fixémoslo porque, de acordo ás normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, era preciso abordar todos os informes de fiscalización, memorias e plans de traballo elaborados e remitidos a esta Cámara polo Consello de Contas, pero estaban pendentes de ser tramitados polo Parlamento de Galicia. E tamén gustárame transmitir o agradecemento a todo o persoal do órgano estatutario que vostede dirixe polo traballo realizado non só nesta ocasión, senón ano tras ano.

Pero, unha vez máis, o meu grupo quere compartir con vostedes e con todos os que formamos parte desta Comisión que hai un desfasamento temporal entre a data en que estes informes entran no Parlamento ata que se celebra esta Comisión. E fronte á memoria do Consello de Contas, que é do ano 22, hoxe estamos falando da memoria de fiscalización do sector público —incluído o da fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 21— e outros informes que non vou nomear detalladamente. E seguro que comparte comigo que o gran traballo realizado por todo o equipo do Consello de Contas perde valor a non ser tratado en tempo e moito máis cando está presentada no Parlamento por parte do Consello de Contas xa a conta do ano 22.

Seguramente tamén comparte comigo que hai moi pouca regularidade na celebración desta Comisión, se non me equivoco, pasaron 484 días sen comparecer; e todo apunta a que o bo traballo do Consello de Contas non gusta o Goberno galego do Partido Popular. Ou, se o queren —dígollelo outra forma—, 484 días sen comparecer no Parlamento de Galicia do Consello de Contas é un indicador claro da nula vontade de control democrático, do bo uso dos recursos públicos pola maioría absoluta deste Parlamento, e do nulo valor que se lle concede á rendición de contas e á importancia dos órganos estatutarios de control externo como o Consello de Contas.



Pero a non regularidade fai que se acumulen moitos informes —como o que nos pasa hoxe— para analizar e que se debilite ese labor de control. E, como di o noso secretario xeral, a nosa oposición quere ser construtiva, e neste sentido tamén lle informo que presentaremos unha proposta ante a Mesa do Parlamento de modificación das normas de funcionamento desta Comisión non lexislativa coa finalidade de que realmente cumpra co seu labor. E isto quero unilo cunha entrevista súa que aparecía nos medios de comunicación o pasado venres e onde textualmente dicía: «La transparencia nunca es suficiente, la actividad de la Administración tiene que gozar del beneficio de conocer todo lo que se mueve, de donde sale el dinero, como se mueve, quién lo usa, cómo lo usa; en general, tiene que existir un conocimiento por la sociedad y, sobre todo, tener ideas claras de las formas de utilización de ese dinero y sus bienes» —y cierro las comillas, que era lo que dije en castellano—. E o noso grupo non pode estar máis de acordo coas súas palabras, pero seguramente concorda comigo con que, ademais da tardanza, hai outro aspecto de pouca transparencia que é esperar todos os anos a presentar os informes no período estival.

En contraste, podemos poñer o Parlamento de Castela-León, que tamén goberna o Partido Popular, e onde xa van coa novena comparecencia do Consello de Contas neste ano. Ademais, todos sabemos que o Consello de Contas —ademais do seu labor de control, de fiscalización das contas públicas, da prevención da corrupción, de asesores do Parlamento— ten outro labor moi importante que son as recomendacións á Administración, que tamén se producen con moito atraso. E imos á realidade, se falásemos dunha empresa privada, dunha sociedade, estamos a exixirlle legalmente que teña as súas contas anuais formuladas no primeiro trimestre do ano seguinte; e as súas contas e as memorias aprobadas polas súas xuntas xerais, neste caso do ano 23, o 30 de xullo, e aquí estamos a analizar a conta xeral da Xunta do ano 21. E eu creo que non cómpre ningún comentario máis con respecto a este desfase que se está producindo.

E hai moitos aspectos negativos neste desfacemento, citar a modo de exemplo dous: se hai unha recomendación, pérdese demasiado tempo en poder aplicarse e pode orixinar unha ineficacia da Administración e tamén unha información do pasado perde calquera interese ante a cidadanía e os propios medios de comunicación.

Señor conselleiro maior, dirame que esa non é a súa responsabilidade, pero o que quero trasladarlle é que, de seguir así, a posición do Goberno galego —e a seguir así deste Parlamento coa maioría do PP— o seu labor perde eficacia e, sinceramente, non o merecen. Porque a maioría absoluta do Partido Popular non pode servir para invisibilizar o traballo do Consello de Contas; tampouco pode facer oídos xordos, porque na súa memoria —na memoria que hoxe presenta aquí, do ano 22— di que das 109 recomendacións analizadas dos exercicios 2020 e anteriores, foron aceptadas 94 e 13 considéranse total ou substancialmente aplicadas. Sinceramente, é un despropósito



que non só se alcance nin o 12 % as recomendacións que vostedes lle fan e que foron aplicadas.

Vostedes son máis prudentes e falan —e dígoo entre comiñas— «aínda é escaso». Nós atrevémonos a dicir que é un pésimo resultado o da Xunta de Galicia con respecto a aplicación das recomendacións dadas polo Consello de Contas. Pero aínda por riba de males, desas 109 recomendacións das que falei, 58 eran recorrentes.

Pero, como temos pouco tempo, vou pasar a falar dalgún dos informes que hoxe se traen aquí, vaime ser imposible entrar en todos eles. Non vou facer como vostede para abreviar de dicir o título e encaixar cada unha das cousas. O que si, voume deter naqueles aspectos que dende o meu punto de vista me chamaron o máis a atención, pero nalgúns casos farei afirmacións, noutro caso farei preguntas; pero si lle rogaría que se fago afirmacións e estou errada que me corrixira. E dáme pena non poder profundar máis, primeiro, pola miña profesión que pesa, pero tamén pola transparencia do seu órgano fiscalizador, que pon de manifesto importantes irregularidades para é o noso entender.

No conxunto do sector público consolidado, existen gastos pendentes de imputar do ano 21, por un importe de 153,41 millón de euros. Así mesmo, persiste o uso inadecuado do Programa orzamentario de imprevistos e funcións non clasificadas, que xa veñen reiterando en informes anteriores onde se elude os límites fixados normativamente para transferencias.

Outro aspecto é que, dende o noso punto de vista, existe un déficit investidor da comunidade autónoma galega. ¿É certo que a porcentaxe de investimento do Goberno galego é moi inferior o das deputacións e dos concellos? ¿É certo, señor conselleiro maior, que a Axencia Galega de Servizos Sociais non rende contas ao Consello de Contas? ¿As necesidades de capital da sociedade de xestión débense á escasa capacidade de realización das obras rematadas e ao volume da obra en curso? E agora remato un pouco as preguntas e xa afirmo: Galicia segue sen contar cun plan de contabilidade pública adaptado ao Plan xeral de contabilidade aprobado no ano 2010; despois, xa de máis de 20 anos de atraso isto sinceramente é un, creo, gran defecto porque afecta á transparencia e á información subministrada.

Tampouco contamos cun rexistro de entidades de administración paralela, que é obrigatorio tamén desde o ano 2011, e aquí creo que somos a excepción de todas as comunidades autónomas pero non para ben.

É preocupante tamén todo o que recolle o Informe de xestión dos fondos Next Generation, non hai un plan estratéxico de subvencións, tema que se lle exige á maior



parte dos concellos galegos antes de iniciar calquera trámite de subvención; pero tampouco hai plan anual de contratación, e estamos a falar de moitos millóns de euros. Di textualmente o informe que «non foi posible verificar a planificación, coordinación e seguimento das actuacións incluídas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia»; e, por suposto, «ver o grao de desenvolvemento exixible». Eu preguntolle: ¿ten Galicia ao menos un sistema informático para a xestión destes fondos? ¿Pode ser este o motivo para que non se coñezan os graos de avance da execución dos fondos de recuperación?

Falando tamén de fondos, a execución orzamentaria dos fondos europeos está por baixo do 50 % de forma recorrente. Posiblemente sexa tamén o Goberno da Xunta de Galicia, o primeiro Goberno autonómico que ten que devolver fondos da política agraria común. A Xunta de Galicia foi nos exercicios 20 e 21 a peor comunidade autónoma en execución de fondos previstos na Constitución española para corrixir os desequilibrios económicos, territoriais e de solidariedade, e fíxoo nun ano onde estabamos aínda afectados pola crise da pandemia. Pero eu isto non llo pregunto a vostede, fago unha pregunta xeral: se cren que é a carta de presentación máis adecuada do Goberno de Galicia ante o Goberno de España cando se empece a falar da reforma da financiación autonómica porque estamos —insisto— a devolver cartos ou non gastar cartos.

E quedaría falar de moitas cousas como é o fondo do covid-19 para a xestión da pandemia en Galicia ou do Sergas, que tamén dá para falar moito. Falando un pouco dos fondos do covid-19 no ano 21, serva como único exemplo que a Xunta de Galicia recibiu 828,38 millóns de euros de transferencias adicionais, pero non concretou o destino de máis do 43 % deste fondo covid-19 recibido.

Outro aspecto que non debemos esquecer é o que se refire á conta xeral do Sergas. Non se xustifica de ningunha forma que o Sergas, que xestiona 4.500 millóns —imos falar en números redondos— non teña a data de xa de hoxe, unha contabilidade analítica que permita coñecer os custos dos servizos e xestionar de conformidade aos principios de economía e eficacia.

E a Xunta de Galicia, que presume tanto de xestión sanitaria, pódese desmontar cos números que tamén aparecen nos informes: o orzamento sanitario per cápita en Galicia foi de 1.699,78 euros. Pero vou citar o doutras comunidades autónomas: País Vasco, 1.897,66 euros per cápita; Asturias, 1.931,33 euros per cápita; Castela-León, 1.811,08 euros per cápita; e así podería seguir, ata 8 comunidades autónomas máis que invisten moito máis que a de Galicia, e ao mellor isto non xustifica moitas das cousas que estamos a vivir hoxe na sanidade.

Pero tamén no Sergas continúaase imputando gastos de obrigas do exercicio do que estamos a falar por un total de 127 millóns de euros que non se imputan nese exercicio. En canto ao persoal, incrementábase no ano 21 —e sigo falando do Sergas— o índice de temporalidade con respecto ao ano anterior; creo que no ano anterior fora do 44 % en atención especializada, do 28 % en atención primaria, e un 14 % en persoal eventual, e séguese incrementando.

Da contratación do Sergas, vostede falou algo dos contratos menores pero daría tamén moito que falar e xa teño que ir rematando. Pero quizais sexa tamén significativo a actividade hospitalaria con medios alleos que se fai na área sanitaria de Lugo, que representou unhas porcentaxes próximas ao 40 %. E, como vimos dicindo no noso grupo, estase a producir un uso indebido da autorización para cubrir necesidades persistentes, cando deberíamos estar falando de externalidades para excepcións ou urxencias, tal como exige a normativa vixente.

En fin, señor conselleiro maior, moitas veces dicimos en Galicia que os informes chegan tarde, mal e arrastras. E aquí cómprese textualmente: estes informes chegan tarde, non son capaces de presentarnos melloras con respecto aos dos anos anteriores; e —como dicíamos ao principio— chegan tras case 500 días tras a comparecencia anterior. Señor conselleiro, inciden en diferentes reproches realizados á Xunta nos últimos anos. Eu non quero cubrir máis tempo pero si quero desexarlle moita sorte a vostede e á súa equipa; pero moito ánimo porque nós temos a esperanza de que sexan capaces de pór orde nesta desfeita que ano tras ano lle toca ver, e tamén coa esperanza de poder vernos máis miúdo aquí as comparecencias poidan ser tratadas polo miúdo e non así a grandes rasgos como tiveren que facer no día de hoxe.

Moitísimas grazas.

O presidente da Comisión (señor Verea Fraiz): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Noa Presas.

A señora Presas Bergantiños (BNG): Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor Aladro.

Dámoslle de novo a benvida neste Parlamento e agradézolle en nome do Bloque Nacionalista Galego a súa presenza aquí, a súa exposición, a súa capacidade de síntese relativa, tendo en conta o gran volume de informes. Se a vostede se lle fai curto o tempo, imaxínese aos demais que temos menos experiencia na súa análise e tamén un tempo máis reducido.



E eu, se me permite, quería comezar cunha cuestión nesta exposición por parte do noso grupo, que non ten que ver con vostede nin depende de vostede, nin do Consello, que fan un traballo prolífico e exhaustivo e que ademais nos últimos anos ten dado una gran modernización, e que apreciamos e valoramos; senón que é algo que ten que ver o Partido Popular e coa súa responsabilidade. E que teño que dicir que esta é unha Comisión que, efectivamente, celébrase tarde, mal e arrastras, e amosa pouco ou ningún respecto por parte da forza maioritaria deste Parlamento, tanto polo propio Parlamento galego como polo propio Consello de Contas.

Explicarei porque digo isto, celébrase tarde porque esta Comisión leva sen reunirse de forma ordinaria máis dun ano, máis dun ano desde abril de 2023. E é certo que houbo un proceso electoral —historicamente están os diarios de sesións para comprobalo—, este grupo temos sido moi flexible e sempre con ese tipo de circunstancias ou incluso con demoras imputables á propia axenda do Parlamento, por exemplo, cando coinciden informes coa tramitación orzamentaria ou con algunha comisión de traballo específica, como ten pasado nalgún momento, sen ir máis lonxe na anterior lexislatura, cunha específica da covid-19 que nos tivo abondo ocupados e ocupadas. E temos ido sempre moi flexibles con este extremo pero, desde logo, xa isto chegou a un punto a todas luces excesivo e inxustificable.

Por iso este grupo parlamentario rexistrou hai xa algún tempo, o pasado 20 de maio, unha solicitude de reactivar esta situación, porque é que ademais entendemos que a situación xa se alongou demasiado no tempo; como demostra o feito de que hoxe, dous anos despois case, vaíamos debater a conta xeral de 2021, pero é que vostedes xa remitiron hai dous meses a conta xeral de 2022; co cal, dá idea de que, efectivamente, a acumulación de traballos non obedece a algo razoable, senón a unha intencionalidade política. E tamén hai que dicir que nós rexistramos esa solicitude xa o 20 de maio, porque é que no mes de maio, durante todo o mes de maio, este Parlamento xa funcionou con normalidade, xa funcionaron todas as comisións lexislativas; e, polo tanto, non entendiamos como xa na orde de traballos do mes de maio non estaba prevista.

Unha petición á que ademais, eu quero recordar que, atendendo ao artigo 42.1 do Regulamento desta Cámara, temos dereito como primeira forza da oposición; e que, polo tanto, non entendemos porque se demorou tanto tamén por parte do Partido Popular esa decisión, porque despois de maio veu xuño, un mes tamén no que neste Parlamento non aconteceu nada extraordinario, celebráronse comisións con normalidade, pero o Partido Popular decidiu demorar. E por iso dicimos que esta comisión chega arrastras, arrastrados pola presión que se fixo desde a oposición ata este punto a Comisión, e introducíndoos nunha nova distopía, porque, claro, hoxe mostrou



un debate, vaise abrir un prazo regulamentario para rexistrar unha serie de suxestións tanto para o propio Consello de Contas como para a propia Xunta de Galiza, e iso non se vai debater con previsión ou previsiblemente ata o mes de setembro. Co cal imos acabar estando no mes de setembro votando unhas propostas que xa van ir sobre unha conta xeral que chegou hai moito tempo neste Parlamento, e unha serie de informes que xa chegaron hai moito tempo a este Parlamento. Co cal entendemos que iso pode cumprir os requirimentos formais cos vericuetos que existen na formalidade; pero, desde logo, non representa unha mínima querencia ou un mínimo respecto polos procedementos democráticos nin tampouco por querer facer unha fiscalización exhaustiva.

E nós, ademais, dicimos que se celebra mal porque incluso insistimos con posterioridade a ese escrito noutro pedindo un pouco de racionalidade nos debates, collendo as normas de relación entre o Parlamento e o Consello de Contas. Poderíamos ter un debate de cada un dos informes específico. Nós non dicimos tanto pero, cando menos, poder facer algún agrupamento minimamente racional para que non teñamos que debater; se temos en conta todos os informes que vostedes promulgaron e aprobaron desde a última vez que o anterior conselleiro maior veu comparecer, serían 30 informes, máis menos; e se reducimos os que van asociados á conta xeral, uns poucos menos pero, en todo caso, para nós non ten ningún tipo de sentido, porque non se pode profundar adecuadamente. Polo tanto, pediamos, cando menos, poder aglutinar algúns deles e debatelos por bloques ou poder celebrar máis dunha comisión. Eu estou segura de que vostede ou calquera outro conselleiro maior, ou incluso algún auditor ou auditora, estarían dispostos a vir facer unha comparecencia específica pois, por exemplo, sobre o informes que demandou este propio Parlamento. Pero, desafortunadamente, pois iso non forma parte dentro da axenda do Partido Popular, que está máis ocupado en empregar o autogoberno e en facer escenificacións de cara a fóra no lugar de protexer os seus organismos estatutarios.

En todo caso, que quede en acta para o futuro que nos parece que se prolongaron os prazos de forma perversa e que o feito de que a conta xeral de 2021 se vai aprobar case no 2025, pois entendemos que xa ilustra todo isto, e que é un escándalo do punto de vista das formas e do fondo, dende logo, baixo o noso punto de vista.

Dito isto, telegraficamente referireime tamén a algunhas cuestións da conta xeral e dos informes. Primeiro, unhas grandes conclusións e intentarei determe nalgunha cuestión máis específica porque o tempo non dá para máis. Para nós a primeira gran conclusión á que podemos chegar é que o Goberno non fai os deberes e non corrixe as eivas sinaladas. Podemos comparar esta conta xeral de 2021 coa que xa está rexistrado neste Parlamento o 2022, e as cuestións que se sinalan tanto na conta xeral global como na



específica do Sergas ou como nalgúns dos informes como o das entidades instrumentais son recorrentes.

Eu case podería intentar facer un exercicio de adivinación e deixar aquí a previsión dalgunhas das recomendacións pendentes e defectos previsibles para o ano que vén, para conta do ano 23, do 24 e do 25, e seguramente algúns estarían enriba da mesa porque son constantes. Cuestións como a limitación ou o alcance dos informes, mala planificación orzamentaria, abuso dos recursos do fondo de continxencia ou do programa de imprevistos, falta de transparencia... son algunhas das constantes tamén neste caso.

E constantes ademais que, cando temos o correlato do debate orzamentario pois se seguen negando e non se queren abordar cuestións que levan pendentes moitos anos, como a actualización normativa, o plan contable, xa nin que dicir do rexistro de entidades e un longo etcétera.

E para nós isto é un problema de xestión, é un problema político, é un problema de eficiencia. E ademais isto lévame a segunda gran conclusión á que chegamos analizado o global dos informes, é que Galiza co Partido Popular perdeu capacidade económica, primeiro, por estas deficiencias da xestión; e, segundo, pola conclusión clara e meridiana á que chegou ao Consello de Contas en ámbitos específicos como ao que facía vostede mención no informe das autovías. Ben, evita a política do Partido Popular e evitou nestes anos un aforro de 44 millóns de euros anuais ás súas contas, así que, ¿que non pasara noutros ámbitos que aínda non foron fiscalizados?

Podemos ver tamén moitas cuestións que se arrastran en ámbitos como os fondos europeos, un exemplo no que sempre insistimos é a pouca participación que teñen os concellos galegos dos fondos que xestiona directamente a comunidade autónoma; cuestións pendentes tamén sempre na execución, etcétera. Tamén máis exemplos de mala xestión: todo o que ten que ver co transporte público. Demostrou o Consello de Contas o que dicíamos dende hai moito tempo, que a Xunta non planifica e tampouco supervisa. E tamén podemos ver o mesmo nos informes sobre a derivación á atención privada.

Tamén, xa ao fío da seguinte conta xeral, acabamos de coñecer algúns como o da área sanitaria de Ourense, que son claramente ilustrativos, xa independentemente do debate político de que atención derivar ou non á privada —que iso dá para un debate específico—, o que é certo é que se ve aí claramente que non hai os soportes contractuais que se debe. Polo tanto, con independencia de que politicamente alguén respalde ou non ese modelo de xestión, está claro que na súa aplicación nin sequera se fixo ben. Polo tanto, nós chegamos a esa conclusión e tamén pensamos que o noso país

perde capacidade económica e, polo tanto, capacidade de crear políticas activas reais pola incapacidade que demostra o Goberno galego á hora de defender os intereses de Galiza, e os informes do Consello de Contas avalan esta tese.

Fixo vostede bastante referencia ao informe do Fondo de Compensación Interterritorial, se algo nos di é que no exercicio de 2021 en relación ao 20 e ao 18, os recursos reducíronse nunha porcentaxe do 9,30 %, das máis altas do Estado. Se vemos tamén a dotación do exercicio 21, comparada coa do 16, un descenso do 14,39 %, superior ao resto dos territorios. E, ao mesmo tempo, pois vemos tamén como outros organismos estatutarios, como é o Consello Económico e Social, a quen lle corresponde unha interpretación máis cualitativa da realidade é menos cuantitativa da evolución económica deste país, sinalan a perda de competitividade e outros defectos.

E o informe que vimos de coñecer do sistema de financiamento —que non pode evitar facer unha mención, aínda que sexa telegráfica— abonda nesa liña, aínda que entra —son consciente— na conta Xeral a futuro. Pero comprenderá vostede que a este paso debaterase ese informe do sistema de financiamento na seguinte lexislatura, non nesta. Entón, cando menos facer unha referencia telegráfica tamén porque para nós é moi importante que o Consello de Contas fixésese informe, eu creo que nace e tamén de moitas peticións que foron bloqueadas neste Parlamento de que o Consello fixera un informe sobre ese extremo. E nace tamén non só da cesión nesa petición que foi reiterada moitos anos ata que foi aceptada, senón tamén do propio esforzo que fixo o Consello de Contas para achegar á Comisión do Sistema de financiamento, que despois bloqueou o Partido Popular, un informe e propio. E, polo tanto, eu creo que é un informe moi digno de valorar polo conxunto das forzas políticas deste país porque nos coloca diante de datos obxectivos que nos poden servir para defender este país; e que inclúe ademais algo que tamén se ve na conta xeral, é que vostede veu presentar aquí e que xa foi obxecto de varias recomendacións do Consello, que é a necesidade dos beneficios fiscais que sexan avaliados e que sexan ponderados con criterios obxectivos para ver realmente se están a ser efectivos, que se consegue ou quen non. É unha recomendación que teñan reiteradamente posto enriba da mesa nos últimos anos e que nós compartimos.

En todo caso, teño que xa concluír. Lamentamos que estes informes tamén amosan que o Goberno da Xunta fai caso omiso —por así dicilo— ao Consello reiteradamente, na propia conta xeral reitéranse as recomendacións. Vostede falaba dun 67 % de recomendacións aceptadas, pero logo iso non sempre se traslada nunha aplicación. Todos e todas podemos entender que hai aplicacións que son complexas, que poden demorar no tempo; pero, claro, cando ves recomendacións que levan unha década enriba da mesa, pois iso o que é unha falta de desidia. E eu simplemente ía poñer un exemplo disto, que é que a última vez que esta Comisión se reuniu e aprobou propostas, o Partido

Popular tivo a xenerosidade de aceptar unha das que propuña o Bloque Nacionalista Galego, que lle recomendaba á Xunta a establecer sistemas de control sobre as sociedades e fundacións públicas nas que a Administración autonómica non ostenta o control, pero é o socio maioritario.

Ben, pois no informe económico-financeiro, o do 21 —que vostede vén presentar— pero tamén o do 22 —do que en teoría non imos debater pero que xa é público—, eu fixen unha comparativa nas recomendacións e nas conclusións, é practicamente idéntico. Eu case... había algún momento no que ademais, como no do 21 falábase de 9 recomendacións, había un dato que era un número trascoleado e que tiven que velo dúas veces, porque dixen: a ver se estou mirando eu dúas veces o mesmo documento. E seguimos tendo aí máis a sotavento, Impulsa a Galicia, en fin, que son a punta do iceberg e que moitas outras veces traemos iniciativas particulares a este Parlamento. Este exemplo sérveme para ilustrar como, baixo o noso punto de vista, estes informes avalan que se segue a ignorar en boa parte o traballo do Consello e tamén dos grupos.

E con esta cuestión remato. Simplemente quixera —xa para concluír— aproveitar para transmitirle tamén no seo desta Comisión, en nome do BNG, o noso pesar pola perda temperá señor Ulpiano Villanueva, que moitas veces acompañaba os representantes do Consello nesta comisión e que me consta —e cóstanos— que era fiel seguidor do que aquí se falaba —que non é un mérito menor, que non hai moita xente que o siga—. Polo tanto, reiterar ese acompañamento ao Consello.

Nada máis e moitas grazas.

O presidente da Comisión (señor Verea Fraiz): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Cristina Sanz.

A señora Sanz Arias (P): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Quero que as miñas primeiras palabras sexan como as últimas a voceira do BNG, lembrando con agarimo a dúas persoas extraordinarias no profesional, pero sobre todo no humano, e que fixeron un traballo arreo para que acadásenos facenda pública galega exemplar, como foron Ulpiano Villanueva e Valeriano Martínez.

Tamén quero un recordo para a outra persoa extraordinaria: o anterior conselleiro maior, José Antonio Redondo, que tras una vida dedicada á ensinanza, á docencia, e á mellora continua das finanzas públicas, agora pode desfrutar dunha merecida xubilación.



Ben, señor conselleiro maior, benvido por primeira vez ata a Comisión Permanente para as Relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia. En primeiro lugar, quero agradecer en nome do Grupo Parlamentario Popular, a súa presenza nesta Comisión e o amplo detalle na súa exposición. E agradecer sobre todo o intenso traballo dos membros do Consello de Contas, tanto dos conselleiros como do persoal, traballo que se traduce nos documentos que vén de presentarnos hoxe: a memoria anual do ano 22, cos informes de fiscalización e a conta xeral da Comunidade Autónoma para o ano 21.

Estamos unha vez máis nesta sede ante unha mostra de estabilidade institucional, financeira e económica en Galicia que permite que os cidadáns coñezan a orixe e o destino dos recursos da comunidade autónoma, das deputacións e dos concellos; é dicir, que os cidadáns saiban, coñezan como se xestiona o seu diñeiro.

Antes de comezar coa análise da súa comparecencia e dos documentos sobre os que informou, permítanme que me deteña un momento nas críticas vertidas polos grupos da oposición hoxe e sempre, porque esta vez é que non se sosteñen. Señora Espinosa e señora Presas, contrario ao que din, non está habendo un atraso extraordinario no debate dos documentos. É certo que a anterior comparecencia do conselleiro maior celebrouse en marzo de 2023, hai máis dun ano, pero parecen esquecer o contexto que levamos vivido desde esa data. Pero, señorías, tras esa comparecencia todos nós estivemos inmersos nuns procesos que condicionaron a actividade deste Parlamento e a actividade política, en xeral. Lémbrolles moi rapidamente —porque a señora Presas é que aludiu a un proceso electoral, pero coido que o que aconteceu foi moito máis que un proceso electoral—: maio 23, eleccións municipais; xullo 23, fin do período de sesións; xullo 23, eleccións Congreso e Senado e posterior constitución do Goberno central; agosto 23, elección do conselleiro maior; outubro e decembro 23, tramitación da Lei de orzamentos na Cámara autonómica; decembro 23, disolución desta Cámara; febreiro 24, eleccións autonómicas; abril 24, debate de investidura; e xuño do 24, eleccións europeas. Así que, aínda que compartimos a conveniencia de que en circunstancias normais se celebre antes esta Comisión, os feitos acaecidos durante os últimos ano e pico non o fixeron posible.

Pero, xa que lles gusta tanto repetir este mantra que repiten ano tras ano —cambiou a voceira do PSdeG, bueno, incluso a do BNG esta vez, pero sempre repiten o mesmo mantra—, véxome na obriga de lembrarlles algo que normalmente lles molesta bastante que é recordar que se facía durante o bipartito. Señora Espinosa, non fai falla ir ao Goberno de Castela-León, (*A señora Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben*) non, si, si, porque como o critican, a ver como fan vostedes cando gobernan. Molesteme en mirar os datos e aquí os teño; pois ben, nos catro anos de Goberno bipartito, ¿saben cantas comparecencias houbo do conselleiro maior? Pois houbo 4

comparecencias do conselleiro maior para falar da memoria e outra máis para dar conta dun informe concreto de fiscalización. Así que, señorías, que durante o bipartito o conselleiro maior compareceu menos que desde que está o Partido Popular na Xunta, así que leccións de vostedes as xustas.

En segundo lugar, non é ningunha excepción que se debatan conxuntamente a memoria e o plan de traballo. É máis, que en tempos do bipartito nin se debatía o plan de traballo e comparecíase unha única vez para debater a memoria e o informe de fiscalización —teño os datos aquí, señora Espinosa, se quere logo llos paso—. Así que de novo, leccións as xustas.

En calquera caso, e respecto ás críticas respecto da demora convocatoria desta Comisión, cómpre lembrarles que os documentos que hoxe analizamos foron aprobados polo Pleno do Consello de Contas, do que os grupos políticos forman parte e, polo tanto, coñécenos; e que ademais inmediatamente publícanse na web institucional do Consello para que calquera cidadán poida ter acceso directo e inmediato ao seu contido. É dicir, son documentos públicos independentemente de cando entren ou se debata nesta Cámara; é máis, vostedes non deixaron de falar deles desde que se publicaron.

E para finalizar este tema respecto á oportunidade de debate, parecen esquecer que os seus grupos poden presentar iniciativas de impulso ou de control ao Goberno cantas veces consideren, sen esperar a que se celebra esta Comisión como, por exemplo, xa o fixeron coa interpelación ao señor Corgos respecto ao sistema de financiamento. Así que non confundan, transparencia máxima e posibilidade de debate máxima sobre todos e cada un dos temas dos informes que se conteñen nesta memoria tanto en Comisión como en Pleno.

Ben, entrando xa na información contida nos documentos que se nos presenta, gustaríame sinalar algunhas das principais conclusións sobre a conta xeral da comunidade autónoma do ano 21: Este Informe certifica, mal que lles pese, datos moi positivos, que Galicia cumpriu un ano máis cos datos de déficit e débeda contidos previstos no seu orzamento. O que constata que Galicia é unha comunidade cumpridora, responsable no manexo dos fondos públicos e non gastamos máis do que temos e que recorreremos prudentemente ao endebedamento. No documento analizado constatamos como no ano 21 Galicia pechou cun déficit del 0,15 % do PIB, cumprindo co obxectivo previsto, a pesar de que nos atopabamos nunha época extraordinaria e excepcional como foi a da pandemia da covid.

Igualmente, Galicia foi capaz de reducir o seu ratio débeda-PIB, sendo a terceira comunidade autónoma de réxime común que acadou menor dato neste indicador.



Igualmente, respecto ao tema de execución, Galiza foi capaz de acadar unha execución do 95 %, cun indicador aínda maior no gasto corrente que superou o 105 %; e lembremos a importancia deste indicador, xa que estamos falando de todo o gasto social da Administración galega: especialmente, gasto sanitario, gasto ... e gasto en servizos sociais.

Falaba a señora Espinosa de que Galicia tiña un déficit de investidor, pois mire un documento do Ministerio de Facenda que Galicia —que acadou un aforro bruto de 864 millóns de euros, segundo a conta xeral—, Galicia foi no ano 21 a comunidade que maior esforzo investidor fixo de toda España —entón, revise os seus datos que son do seu ministerio—.

E, por último, outro dato que valoramos moi positivamente da conta xeral é o tempo de pago a provedores. Galicia paga nun tempo de 15 días, cando a media de todas as comunidades autónomas é de 25 días. Galicia pagou as súas facturas case na metade do tempo que o paga o conxunto das comunidades; o que, sen dúbida, é un dato extraordinario para os provedores da comunidade autónoma.

Ben, rematado este repaso á conta xeral —que, tal e como vimos, amosa unha moi boa saúde das finanzas da comunidade autónoma—, voume deter agora en analizar algún aspecto da memoria. Como as súas señorías saberán, cada informe de fiscalización contén un apartado de recomendacións. Estas recomendacións son as medidas que o Consello de Contas estima que deben adoptarse para unha mellor xestión económico-administrativa do sector público. No ano 21 falamos de 109 recomendacións recollidas en 18 informes de fiscalización. Ben, da lectura da memoria coido que este ano os grupos da oposición o tiveron difícil para escoller esas frases, sempre sen contexto e sesgadas que habitualmente usan nos seus debates para criticar a xestión do sector público autonómico. Porque miren, señorías, o que di, por exemplo, a páxina 51 da Memoria, esta páxina di que aumenta notablemente o número de recomendacións aceptadas —de 77 a 94—, o que supón un 22 % máis. Este dato revela, —di o informe— que se levou a cabo un notable esforzo de mellorar a comunicación coas entidades xestoras plantexando as dúbidas co obxecto de que as recomendacións foran mellor comprendidas e compartidas polos órganos xestores.

así mesmo —continúa memoria—, increméntase significativamente o número de recomendacións adecuadamente aplicadas, pasando de 0 a 13. Novamente —e sigo citando literal— «a mellora do seguimento do cumprimento das recomendacións favoreceu a posta en funcionamento das medidas tendentes a dar cumprimento ao recomendado polo Consello de Contas». Ben, e se a análise a facemos respecto dos cinco informes recorrentes os resultados son igualmente alentadores. Neste grupo destes cinco informes redúcese o número de recomendacións non aceptadas, increméntase



notablemente de 44 a 50 o número de recomendacións aceptadas, e crece é de 0 a 7 as axeitadamente aplicadas. Estes bos datos, a pesar de que —tal como di o propio Consello— hai que ter en conta que o cumprimento dalgunhas recomendacións exige importantes cambios nos procedementos e mesmo precisan de aprobación de instrumentos e normativas —de normativas que isto require os seus prazos, prazos en determinados casos longos—. En calquera caso, a pesar de que nos satisfán os resultados do informe, nin nos conformamos nin negamos que exista unha posibilidade de mellora, porque a mellora debe ser continua e incluso intensificarse.

E facemos nosas palabras da memoria ao remate deste apartado de recomendacións, instando as entidades fiscalizadas a mellorar a posta en marcha das recomendacións co obxectivo xeral de incrementar a calidade da xestión pública. De todos modos, deben de ser máis series cando falen dos recursos públicos e deslicen falta de transparencia porque no hai nada máis lonxe da realidade na Xunta de Galicia, todos e cada un dos euros que gasta a Xunta de Galicia están sometidos á Intervención Delegada e á Intervención Xeral da comunidade autónoma, e en moitos casos ademais —como, por exemplo, no Sergas— cun dobre sistema implementado nos últimos anos.

Ben, conclúo xa este apartado trasladando a noraboa aos membros do Consello de Contas polo necesario e intenso traballo que fan, pero tamén trasladando a noraboa aos xestores da Xunta dos diferentes departamentos da Administración autonómica polo notable avance no cumprimento das recomendacións, tal e como veño de explicar. E interesante información arroxa tamén o informe, por exemplo, de fiscalización das entidades locais, preocúpalle a este grupo que non todas as presentes bases as contas en prazo —tan só o 67,41 %—; e, igualmente, preocupa que ten só 101 entidades aprobaron o seu orzamento en prazo, o que desvirtúa a natureza deste instrumento para o debate do deseño de políticas públicas e para mellorar estas a través da avaliación dos resultados obtidos.

Penso que todas as entidades locais deben facer un esforzo por elaborar, aprobar e render contas dos prazos fixados pola lei. E tamén neste informe se recollen os datos de execución —outro clásico nas críticas á xestión da Xunta de Galicia—, están como para dar leccións: execución da Deputación de Pontevedra —que no ano 22 a gobernaba, presidíaa a señora Silva, ¿lembran?—, o 42,41 %; se é a cotización da Deputación da Coruña, o señor Formoso, o 43,35 %; a execución da Deputación de Lugo, o señor Tomé, o 60,62 %. E a nivel de concello, pois máis do mesmo: Santiago, o 58,88 %; Vigo, o 64,6 %, e Pontevedra, o 65,42 %. Datos que acreditan unha deficiente planificación orzamentaria naqueles concellos e deputacións gobernados por vostedes e por vostedes.

E como deputada por Lugo —e xa para ir rematando—, permítame un apunte respecto a un informe que me preocupa enormemente. O cadro de 37, da páxina 69, recolle o listado de entidades que non cómpren a estabilidade presupostaria no 92, segundo datos do Ministerio de Facenda, e amosan necesidade financiamento.

E de un listado de 136 concellos, o Concello de Lugo ocupa o segundo peor resultado, cun saldo negativo por importe de 5,7 millóns de euros; e un listado no que unicamente só hai unha deputación, esta é a de Lugo, cun saldo negativo por importe superior aos 6,6 millóns de euros. Só hai un concello en toda Galicia que amosa un peor resultado que o Concello de Lugo ou que a Deputación de Lugo. Realmente é increíble que con estes datos que veño de darlles nas entidades que vostedes gobernan conxuntamente teñan o valor de dar leccións de xestión orzamentaria á Xunta de Galicia.

Remato xa, simplemente cun apunte a respecto da conta xeral do Sergas, que é un habitual de todos os anos, e respecto á actividade concertada. Eu xa llo dixen noutras ocasións e repítollo agora, asinada a esta actividade concertada un importe de 226 millóns de euros, que supón o 5 % do orzamento total do Sergas; pero é que —síntoo, voullo repetir, vin que non lle gustaba— no bipartito —vostedes que presumen de apoiar a sanidade pública— o importe da sanidade concertada respecto ao total do Sergas era de máis do 6 %. Invítolles a que lean a conta xeral do ano 2008 e poderán verificar o dato que acabo de darlles.

Moitas grazas.

O presidente da Comisión (señor Verea Fraiz): Moitas grazas.

Quenda de peche polo conselleiro Maior de arredor de 10 minutos.

O conselleiro maior do Consello de Contas (Juan Carlos Aladro Fernández)): Grazas.

A todas esas cuestións que foron plantexadas neste acto, nin pola señora Espinosa, nin polo representante do Bloque Nacionalista Galego, nin naturalmente pola representante do Partido Popular. Nada podo dicir respecto da nosa presenza neste foro porque naturalmente dependemos do requirimento que vostedes nos fan para poder comparecer e dar conta da nosa actividade; por tanto, non podemos facer alegacións algunha.

Respecto dalgunhas das cuestións que se referiron, primordialmente, hai algunhas matizacións que quixera facer respecto das realizadas por el Grupo Parlamentario Socialista, respecto da referencia ao fondo covid, en concreto, na concreción do destino



do 43 %; isto non se deduce do noso informe ou no se deduce con esas palabras do noso informe. É verdade a referencia á ausencia dunha na contabilidade analítica no Sergas.

Tamén quixera matizar algunha cuestión máis sobre estas sobre estas referencias como, por exemplo que a Axencia Galega de Servizos Sociais, é certo que non rinde segundo o informe. Pero tamén é verdade que o sistema de información do Plan de recuperación, transformación e resiliencia estaba en preparación no momento da elaboración do informe á espera da operatividade do sistema estatal. Actualmente, a Xunta xa dispón dun sistema de información no informe de seguimento destas recomendacións e recollerase este incumprimento a retirar esa recomendación. Isto sobre algunhas das cuestións ás que se fixo referencia, no resto remítome aos informes porque, evidentemente, si hai algunhas das recomendacións que fixeramos no seu momento que si en efecto non foron cumprimentadas.

Respecto del informe do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, nada podo dicir. Agradezo as súas palabras, igual que agradezo as do PSOE a respecto da nosa actividade, pero nada me poden dicir sobre esta cuestión. Só unha matización, o informe de autopistas sobre a recuperación dos 44 millóns todavía hai tempo porque temos tempo ata o 2033; ou sexa que é probable que a Axencia Galega, que é a que lle corresponde facer esta reclamación, faga uso da nosa recomendación e nun momento determinado poida facer esa reclamación.

E a pouca participación á que se fai referencia, ou a pouca execución á que se fai referencia respecto dos fondos europeos, aparecen no noso informe e nada podemos dicir sobre eles. E non parece que se deduzan dos nosos informes algunhas das referencias que fixeron respecto da perda da capacidade económica, pero si, evidentemente, si dalgúns dos fondos como el Fondo de Compensación Interterritorial, que —como vostede sabe— leva sen aumentar desde hai moito tempo e non ten un incremento posterior.

Preferiría non falar do Informe de financiación das comunidades autónomas porque non é obxecto hoxe nesta comparecencia. No seu momento metereime con el. É un informe —é obvio— tremendamente complexo, vamos, tremendamente complexo primordialmente e fundamentalmente merece unha análise específica e puntual de cada un dos seus puntos. E, en efecto, si, evidentemente sería moi bo falar tamén da valoración dos beneficios fiscais aos que vostede fai referencia.

O resto, respecto das cuestións atinentes á petición do Grupo Parlamentario Popular, estou de acordo con gran parte de todas as referencias ás que vostedes fan mención e limitome a referirme aos informes que no seu momento presentamos e que vostedes coñecen.

Nada máis.

O presidente a Comisión (señor Vereia Fraiz): Moitas grazas.

Acabado o primeiro punto da orde do día, pasamos ao segundo, que sería tamén a comparecencia do conselleiro maior do Consello de Contas para presentar o Plan de traballo do Consello de Contas de 2024. Con tempos semellantes: a intervención do conselleiro maior ao redor de 30 minutos, e cada un dos grupos parlamentarios 10 minutos con certa flexibilidade.

E dámoslle xa paso ao conselleiro Maior.

O conselleiro maior do Consello de Contas (Juan Carlos Aladro Fernández): Moitas grazas, señor presidente.

Ben, doulles a miña palabra de honor de que vou ser máis liviano, (*Risos*) se fora posible. Porque ademais o Plan de traballo 2024, aprobado o 20 de decembro de 2023, fágolles un regalo engadido a esta comparecencia, que é o Plan estratéxico da institución para o período 23-28, de onde se deduce que podería ser xa de plano moito máis complexo e máis tempo. Pero vouno tratar de reducir facendo unha referencia específica aos obxectivos de cada un dos informes que se propoñen e logo unha referencia xenérica ao plan estratéxico.

Miren, paso a describir brevemente o contido das novas actuacións do plan do traballo, que incorpora informes en execución e inclúe actuacións novas. Diferenciamos entre programa de fiscalizacións e programas de actividades de prevención de la corrupción. Dentro das actuacións de fiscalización, como vostedes saben, temos tres formas: unha, por cumprimento do mandato legal; outras, solicitadas polo Parlamento; outras, previstas en colaboración coa do Tribunal de Contas do Estado; e, outras, por iniciativa do Consello de Contas. A novas actuacións programadas no exercicio 2024 son as seguintes:

Fiscalización de fondos de compensación interterritorial, exercicio 23. A mesma á que xa fixemos referencia, é unha fiscalización recorrente e ten como obxectivos dous: a comprobación da legalidade e regularidade das operacións e a determinación dos índices de execución.

Segunda, fiscalización dos fondos procedentes da Unión Europea. O traballo realízase a partir das bases de datos da conta xeral da comunidade autónoma e do sistema de información de xestión unificada e mecanizada —do XUMCO—.



A fiscalización ten dous obxectivos: análises das contas de base de datos da conta xeral da comunidade autónoma, que contan con financiamento dos fondos europeos, e a determinación dos índices de execución; e, por último, a análise do destino final dos fondos europeos sobre a bases do XUMCO, así como os beneficiarios dos fondos avaliando a súa xestión e execución.

Terceira, fiscalización das contabilidades electorais, eleccións ao Parlamento galego 2024. A Lei, 9/2015, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, atribúe ao Consello de Contas a función fiscalizadora de comprobación da regularidade destas contabilidades; así como a fiscalización do cumprimento dos requisitos que exige o artigo de 17 da mesma norma ás formacións políticas beneficiarias. É unha fiscalización recorrente que busca comprobar o cumprimento da legalidade aplicable en materia de financiamento asociado aos ingresos e aos gastos electorais; asegurar a representatividade da contabilidade electoral rendida; verificar o grao de xustificación documental, e realizar un pronunciamento expreso sobre adxudicación ou non adxudicación das subvencións electorais.

Fiscalización das actuacións da Comunidade Autónoma de Galicia para cumprir os obxectivos do Programa para a dixitalización do sistema educativo no Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Comprobarase o cumprimento das obrigas e condicións asociadas e que parten da Conferencia Sectorial de Educación, de 21 de xuño de 2021. Criterios de reparto: o adecuado control de equipamento, a canalización dos fondos europeos, os prazos concretos para a execución dos proxectos. E o obxectivo xeral, avaliar como a comunidade autónoma está implementando o Programa para a dixitalización do sistema educativo.

Fiscalización da eficacia na execución do financiamento europeo no Proxecto de conservación, protección no fomento do Camiño de Santiago, no marco operativo 14-20, da Consellería de Cultura e Turismo, é unha actuación reprogramada para incluír o ano 2022. E parte da base de datos da conta xeral e os obxectivos principais da fidelización: comprobar se as contas correspondentes á execución do financiamento europeo do proxecto presentan unha información completa, determinar os índices de execución orzamentaria do proxecto, comparar a execución dos fondos europeos en relación coa solución total, avaliar o cumprimento dos indicadores previstos no Plan director estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2022.

Fiscalización das contas xerais ao Parlamento de Galicia. Trátase dunha fiscalización nova que permite afondar na transparencia das contas remitidas ao Consello de Contas polo Parlamento de Galicia. Trátase dunha fiscalización dos documentos xurídico-



contables xerados polo desenvolvemento da súa actividade. Ten un condicionamento, que é a primeira vez que se fai e que implica que os obxectivos de traballo sexan limitados. Ademais, é necesario ter en conta as limitacións existentes na fiscalización debido á singularidade das funcións desenvolvidas polo órgano fiscalizado en relación coa súa autonomía de xestión. Obxectivo fundamental, o obxectivo da fiscalización é avaliar as contas xerais do Parlamento respectando esa singularidade funcional.

Informe de fiscalización da conta xeral da comunidade e declaración definitiva correspondente exercicio 23: recoller os resultados da fiscalización, integrar os resultados como as multitudes consolidadas, e a partida de análises que veñen de ser recorrentes na revisión conxunta de áreas comúns abordadas. Tamén nos aspectos solicitados polo Tribunal de Contas para a formación do informe global do sector público autonómico; e, por último, na orientación cara á óptica da eficacia e de análise económico-financeira. Os obxectivos son verificar se a conta xeral da comunidade autónoma correspondente ao exercicio 23, fiscalizada co alcance descrito no informe reflicte razoablemente en todos os aspectos a actividade económica e financeira, ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

Informe de fiscalización operativa dos incentivos da creación de emprego, que analizará dous programas orzamentarios: o programa 332A, mellora e fomento da empregabilidade, ten por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego ás persoas desempregadas por conta propia e allea; e o Programa 332C, promoción de emprego de autónomo, o mercado de traballo inclusivo, incentivos aos principais actores, persoas empresariais emprendedoras, incluíndo partidas específicas para fomentar a xeración de emprego de mulleres, persoas, mozas, persoas retornadas, estranxeiros e persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción ou persoas en risco de vulnerabilidade. Os obxectivos concretos son a avaliación de deseño e procedementos, e a avaliación de eficacia. Os incentivos aumentan a probabilidade de atopar emprego, o traballador, etcétera.

Informe da fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na comunidade autónoma 18-22. Previr e abordar a violencia de xénero e garantir a asistencia da protección das vítimas, é o obxecto da dotación económica. O obxectivo é se están funcionando as medidas do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero. E os obxectivos específicos son: verificar se os sistemas e procedementos de xestión para a execución das medidas son adecuados e coherentes cos recursos asignados, e avaliar a eficacia e a eficiencia das actuacións desenvolvidas considerando o impacto da pandemia covid-19.



Informe de fiscalización do sistema de rendición de información dos convenios do sector público autonómico. Baséase fundamentalmente na instrución relativa á remisión telemática dos convenios formalizados polas entidades do sector público de Galicia. A análise centrarase na verificación adecuada da formalización e rexistro e o cumprimento da obriga de comunicación.

Informe de fiscalización sobre planificación estratéxica da Xunta de Galicia, PEG 2015-2020, a súa relación cos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma: a avaliación de políticas públicas, aspectos deseño do Plan estratéxico de Galicia, fixación dos seus obxectivos, prioridades, liñas de actuación, así como a análise do proceso orzamentario. Os obxectivos xerais da fiscalización son: verificar o ciclo da planificación estratéxica desenvolvida 15-20, verificar a conexión da planificación estratéxica co proceso orzamentario de asignación de recursos a programas de gasto, e comprobar en que medida os resultados da planificación estratéxica do proceso orzamentario poden servir para a avaliación das políticas públicas desenvolvidas.

Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Os seus obxectivos serán: analizar a situación económica do sector público, delimitar a composición e evolución das entidades dependentes; avaliar a transparencia e a calidade da información financeira, e analizar a situación económica e orzamentaria. Seguimento das recomendacións incluídas respectivamente nos informes de fiscalización das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. O obxectivo é comprobar o grao de seguimento das recomendacións formuladas e avaliar as medidas implantadas polas ditas universidades.

Fiscalización da prestación do servizo de produción e transmisión de sinal de directos para a Corporación Radio-Televisión Galicia, Sociedade Anónima. Unha fiscalización complexa que se refire á contratación da Corporación Radio-Televisión de Galicia, se se respectou a súa normativa; e, en particular, conforme a dereito da externalización dos servizos. Se se cumpriron as condicións de execución do contrato, se se está a prestar de forma eficiente, e se é racional dende unha perspectiva económica.

Informe sobre promoción de xestión de vivenda protexida na Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios 22 e 23. Os obxectivos serán: a análise da planificación de actuacións, a análise de control e xestión, a realización das comprobacións relativas á xestión de adxudicacións e a análise da eficacia das medidas, e a comparación da inscrición do rexistro de demandantes.

Fiscalización da conta xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 23. Revisión das principais áreas de xestión. Centrarase na execución do orzamento consolidado de ingresos e gastos a fin de determinar a situación económico-financeira do sistema



público. Son obxecto de especial verificación as modificacións orzamentarias e as obrigas pendentes de recoñecer ao final de exercicio. O obxectivo será verificar se a conta xeral do Servizo Galego reflicte razoablemente en todos os aspectos significativos a actividade económico-financeira.

A auditoría operativa con enfoque avaliador do deseño e a implantación do Plan galego de hospitalización a domicilio, Estratexia 2019-2023. Dous enfoques: un, vencellado á avaliación de políticas públicas; analizarase o desempeño, implementación e coherencia interna do plan. E, o outro, estritamente operativo, no que se analizará a eficacia no cumprimento dos obxectivos previstos e a eficiencia na asignación de recursos. Os obxectivos son: o estudo do Plan galego de hospitalización; a Estratexia A do 19-23; a avaliación do deseño, implementación e coherencia interna do plan; a análise dos obxectivos e dos indicadores asociados; a análise da eficacia e eficiencia, a equidade do servizo e a asignación de recursos; e o estudo comparativo.

Fiscalización selectiva do Programa de atención primaria de saúde. Revisaranse aspectos relativos ao cumprimento das normas e o operativo relativos á organización da atención primaria, recursos orzamentarios, medios materiais e humanos, xestión integral de servizo e o Plan galego de atención primaria.

Os obxectivos: a evolución interanual do gasto orzamentario do programa; a análise dos distintos medios materiais humanos ligados á xestión do servizo e á súa correlación e idoneidade ou a demanda asistencial que soporta; a determinación dos principais indicadores en función do número de persoas e consultas atendidas; a avaliación e exame da demanda asistencial en atención primaria por modalidade, e a planificación dos recursos; a avaliación dos distintos aspectos operativos e funcionais relativos á xestión integral destes servizos e a avaliación, na medida do posible, do gasto do grao de incumprimento do Plan galego de atención primaria 19-21.

Fiscalización do transporte sanitario non urxente do Sergas. Trátase do traslado de pacientes que non requiren atención inmediata. Ao mesmo tempo, dáse cumprimento á recomendación do Parlamento, que instou o Consello de Contas a realizar unha fiscalización operativa na que se analice esta prestación e o custo das posibles vías de financiamento.

Os obxectivos son: licitación dos novos contratos, avaliar a correcta execución dos contratos desde o punto de vista da fiscalización e o cumprimento. E, desde o punto de vista operativo desta fiscalización, atenderase ás seguintes preguntas de auditoría, sen prexuízo de que no transcurso da fiscalización poidan xurdir outras preguntas complementarias: ¿que servizo comprende o transporte sanitario non urxente xestionado polo Sergas? ¿Cales son procedementos para a coordinación de citas e a asignación de



recursos para estes traslados? ¿Como se xestiona e supervisa a calidade do servizo de transporte sanitario e urxente? ¿Como se avalía a satisfacción do paciente? ¿Cal é o orzamento asignado anualmente para o transporte sanitario? ¿Como se calcula o custo previsto para cada servizo? E se se realiza algún tipo de seguimento ou avaliación de custos para optimizar a eficiencia do mesmo.

Fiscalización do gasto farmacéutico do Sergas. Unha auditoría ambiciosa en ámbitos tanto hospitalario como extrahospitalario, baseada en principios de eficacia, de eficiencia e de economía. E centrarse en estudar os procedementos de control interno, avaliarase o control do inventario en cumprimento da normativa de contratación a xestión de prescrición de receitas e o sometemento do sistema de xestión do gasto farmacéutico ao principios de eficacia, eficiencia e economía.

Fiscalización da conta xeral das entidades locais de Galicia, integrando as contas remitidas polas mesmas, tomando como criterio de integración nos ámbitos institucionais de poboación. Incluirá o balance de situación, a conta de resultado económico patrimonial, a liquidación do seu orzamento, o resultado orzamentario, o remanente de tesourería, o endebedamento, así como os indicadores. E os seus obxectivos principais serán analizar o censo do sector público local para dar información das entidades locais antes dependentes; analizar o grao de cumprimento da obriga que teñen as entidades locais de Galicia, as de render as contas ao Consello de Contas; e a análise global sobre a situación económica do sector público local: incluíndo a capacidade, necesidade de financiamento do sector, o aforro bruto neto xerado, os resultados orzamentarios e as remanentes de tesourería para gastos dispoñibles.

Informe único de comunicacións da cidadanía en relación con irregularidades na xestión local. Forma parte da nosa regulación, os artigos 65 e 66 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, regulan a tramitación de comunicacións e denuncias e actuacións complementarias que poden desenvolver cando o Consello tivese coñecemento da existencia de feitos ou comportamentos que puidesen ser constitutivos de responsabilidade contable; tendo en conta este marco normativo, realizarse un informe único específico de fiscalización horizontal ou de cumprimento. Trátase dun informe recorrente que será realizado no primeiro cuatrimestre de cada exercicio. O obxectivo será verificar se as actividades, operacións e información das entidades subliñadas cómpren nos seus aspectos significativos coa normativa aplicable.

Fiscalización das gratificacións por servizos extraordinarios nas entidades locais de Galicia. Verificarse a regularidade dos acordos de abono destas gratificacións e horas extraordinarias. O obxectivo é a análise da comprobación mediante a realización dunha auditoría de cumprimento dos acordos de abono de gratificacións e horas extraordinarias nestas corporacións.

Fiscalización selectiva dos consellos de Galicia, exercicios 22 e 23. Análise de áreas específicas respecto a esta fiscalización selectiva, áreas específicas de xestión municipal. Trátase dunha análise de risco segundo a información dispoñible, tanto do control interno dos consellos seleccionados como de toda a documentación recibida de actividade contractual dos acordos contrarios a reparos e formulados pola Intervención.

A análise da eficiencia das fusións municipais, verificarse coas fusións nos concellos de Oza, Cesuras e Cerdedo Cotobade. Alcanzouse unha mellora na eficiencia e eficacia, e valoráranse outras posibles alternativas. Os obxectivos son na análise da memoria motivando a necesidade ou conveniencia da fusión; a análise dos estudos previos de formas de xestión; a análise do posible redimensionamento das súas estruturas organizativas; o estudo da coordinación das normas urbanística e da redacción dunha nova norma urbanística na análise de nova imposición local, así como a integración de bens, dereitos e obrigas económicas.

Auditoría de establecemento de zonas de baixa emisión nos concellos de Galicia e efectos sobre a contaminación atmosférica. Verificármolos o cumprimento da normativa, os efectos sobre a contaminación e analizarase o financiamento do mecanismo de recuperación e resiliencia.

Auditoría das medidas adoptadas polas entidades para reducir a temporalidade no emprego público; comprobar se os procesos cumpren cos principios de economía, eficiencia e eficacia; incorporar unha auditoría operativa respecto da metodoloxía, técnicas e ferramentas propias da avaliación de sistemas, formas e políticas; revisar a articulación dos procesos de estabilización e analizar que os novos nomeamentos de funcionarios interinos que se poidan producir con arranxo á entrada en vigor da Lei 2021 cumpren coas condicións establecidas na nova redacción do artigo 10 do Estatuto básico do empregado público.

En cuanto á auditoría operativa de implementación do obxectivo de desenvolvemento sostible, dez das entidades locais de Galicia ao servizo de Axuda no Fogar, analizarase a participación das entidades locais de Galicia na implementación do ODS.

Auditoría dos controis básicos de ciberseguridade dos concellos de Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ferrol. Identificación de deficiencias de control interno; identificación de cumprimentos normativos relacionados coa ciberseguridade.

Fiscalización das obrigas de remisión de información das entidades locais de Galicia e a avaliación da contorna de control: control interno, contratos e convenios. Trátase de analizar as actuacións de control financeiro; verificar se o órgano interventor colabora

con carácter anual nun informe resumen onde se reflectan nos resultados de control interno, tanto no control do exercicio na modalidade de función interventora como na modalidade de control financeiro, de conformidade co artigo 213 do texto refundido da Lei de réxime local, así como do artigo 37 do Regulamento.

Ata aquí falamos do Programa de actividades de fiscalización.

E pasamos agora a falar do programa de actividades de prevención da corrupción. Como actuacións concretas cómpre destacar que se procederá a aprobar a guía para implantación de plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, con especial énfase no proceso de avaliación de riscos para poñer á disposición das entidades públicas.

Actualizar as directrices técnicas para a avaliación de políticas de integridade e plan de prevención de riscos.

Revisar o contido dos documentos técnicos: o documento o número 4, metodoloxía para a avaliación de riscos; e documento 5: o catálogo de riscos por eido de actividade.

Poñer en marcha a través dun sistema da unidade de prevención de un sistema de rendición e control formal dos plans de prevención en medidas antifraude.

Elaborar as bases do certame literario previsto no protocolo de colaboración asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Modificar as bases reguladoras para a concesión do Premio de investigación Carlos Otero Díaz.

Promover a sinatura dun protocolo de colaboración coas entidades representativas das asociacións empresariais para o impulso dunha guía de boas prácticas.

Por último, respecto das actuacións específicas e seguindo coa mesma liña sistemática para a función de fiscalización na programación correspondente ao ano natural, incorpóranse actuacións en execución correspondentes a un plan anterior, e tamén dúas actuacións novas que paso a expoñer.

Primeiro o informe de avaliación, control interno e xestión de riscos na área de contratación das principais entidades beneficiarias no exercicio 22 no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; trátase dunha reprogramación de actuación prevista co mesmo titular en el Plan de traballo 2023. Os seus obxectivos son a avaliar a metodoloxía de análise e planificación da xestión de riscos; verificar o ciclo de



contratación dos expedientes; verificar a transparencia ao longo de todo o ciclo; avaliar os procesos relativos á prevención e xestión da situación de conflito de intereses e obter conclusións sobre a mellora producida entre o marco de integridade actual en materia de contratación e o previo á súa implantación.

Por último, o informe de avaliación de control interno e xestión de riscos na área de Disciplina urbanística, xestión e control do patrimonio municipal do solo, cuxos obxectivos son avaliar a implantación das medidas de prevención de riscos na área da xestión urbanística e efectuar recomendacións de mellora en relación coas principais áreas de actuación administrativa.

Agora paso a facer unha breve referencia ao Plan estratéxico aprobado polo Pleno o 3 de outubro de 2023 para o período ao 23-28. O Plan ten un antecedente inmediato, que é o Plan do Consello de Contas estratéxico 2019-2022. Propón un horizonte temporal de 6 anos de vixencia, onde a súa misión será desenvolver de maneira eficaz e construtiva o control externo da actividade económico-financeira do sector público; colaborar na implantación de sistemas eficaces para a prevención da corrupción e a xestión de riscos na xestión pública para incrementar a confianza da cidadanía no uso que estas institucións fan dos fondos públicos.

No que atinxe á súa visión, consistirá en ser unha institución útil para o sector público de Galicia, valorada pola sociedade galega e caracterizada por la independencia do compromiso ético. Os valores do plan e do propio consello son a vocación de servizo público, compromiso coa mellora da xestión das institucións, integridade, compromiso ético e exepclaridade individual e institucional, independencia, obxectividade e profesionalidade. E o plan estratéxico estrutúrase entre tres eixos, o primeiro refírese ao que facemos, e establécense os seguintes obxectivos estratéxicos: integrar na programación as demandas sociais sobre transparencia das institucións; promover informes de fiscalización que acheguen información clara, útil é oportuna aos seus destinatarios; colaborar coas institucións na creación dunha cultura eficaz e de integridade; e converter o Consello de Contas nunha institución de referencia.

O segundo eixe, é quen o facemos. E os obxectivos serán os seguintes: desenvolver unha estrutura organizativa de persoas con compromiso institucional, unha estrutura organizativa profesional e orientada á calidade, e acadar un sistema de gobernanza e de toma de decisións participativo e transparente.

Por último, os obxectivos do eixo 3 con ¿que facemos?, ¿con que o facemos?, consisten en desenvolver sistemas avanzados de goberno do dato, implantar un modelo dixital e colaborativo de auditoría, e posicionar o Consello de Contas como unha institución

actualizada en materia de ciberseguridade; e, por último, desenvolver un sistema de arquivo e documentación eficaz e eficiente.

O plan recolle unha serie de medidas que son susceptibles de ser agrupadas para conformar plans de acción específicos que deberán contar con indicadores concretos. E, o plan estratéxico, os plans de acción específicos serán obxectos de revisión con arranxo ao seguinte criterio temporal: será obxecto de revisión, en primeiro lugar, na metade da súa vixencia ao final do ano 2025, e o remate da súa vixencia ao final de 2028. Os plans de acción específica, os seus plans anuais de traballo serán revisadas anualmente.

E con isto remato a miña actuación respecto destas dúas últimas cuestións.

Moitas grazas pola súa atención.

O presidente a Comisión (señor Verea Fraiz): Grazas, conselleiro.

Intervención dos grupos parlamentarios. (Pausa.)

Non sei se... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Na moi breve sinxelamente é que antes non agradecín

O Señor Ojea Bouzo (M): Non, moi breve

É sinxelamente que antes non agradecín a presenza do conselleiro maior, fágoo agora.

E sinxelamente incidir no que xa se dixo aquí de que sería desexable que a periodicidade desta comisión fose maior da que, segundo se viu, está sendo nos últimos tempos. Eu non sabía iso porque estou recién chegado.

E entre as moitas vantaxes que tería facer esa Comisión a intervalos de tempo máis curtos, á parte dos xa apuntados, pois faría que os contidos viñeran a unas doses máis pequenas, que o fixesen máis dixeribles e que puidésemos abordar eses temas con máis calma e con máis precisión.

E nada máis. Grazas.

Unha vez máis, agradecer a presenza do conselleiro maior. Nada máis.

O presidente a Comisión (señor Verea Fraiz): Quenda do o Grupo Parlamentario dos dos Socialistas. Elena Espinosa.



A señora Espinosa Mangana (S): Grazas de novo, presidente.

Eu tamén vou ser moi breve. Simplemente unha aclaración, porque quero deixar moi claro que o noso grupo en ningún momento culpou o conselleiro maior do Consello de Contas nin a ningún membro da non comparecencia aquí. É dicir, que quede claro que efectivamente, estou convencida de que o conselleiro maior viría a todas as veces que chamaran ou calquera outra persoa de apoio. E simplemente digo isto como a aclaración.

Tamén quero agradecer á presentación do plan, pero isto únenos co que falabamos na primeira intervención. Hoxe se non me equivoco é 2 de xullo e estamos presentando o Plan do ano 24. Eu estou convencida de que o Consello de Contas está traballando dende o día 1 de xaneiro ou dende o día 2 de xaneiro, sen ningunha dúbida, por iso que a non comparecencia ten estas incoherencias que nada teñen que ver coa xente que fai o traballo e que —insisto— fai un gran e un bo traballo.

E non vou entrar tampouco no plan de traballo porque son os que máis coñecen o Consello de Contas quen ten que decidir o que se debe facer máis alá da obrigatoriedade. ¿Por que? Porque poden ver onde precisamente están as debilidades e co seu traballo tratar de aportar un grao máis de area para que esas debilidades se convertan en fortalezas.

Pero remato xa. E remato xa dicindo que, efectivamente, si, señor conselleiro maior, levoulle —non, mirei o reloxo— coido que máis de media hora facer a presentación, explíquenlos que imos facer se compadece dentro dun ano para pór encima da mesa, si, o traballo do que vostede simplemente enumerou e levoulle máis de media hora. É imposible, vostede é imposible, para nós por suposto que dispomos só de 10 minutos. Pero, en definitiva, o que queremos é que tamén a cidadanía coñeza este traballo que se fai, e que saiban que están traballando para mellorar a transparencia; e iso lévanos a que nos vexamos, se é posible, máis a miúdo e que todos poidamos traballar con moitísimo máis confort.

Reitero o meu agradecemento polo traballo feito por todos os membros do Consello de Contas. E nada máis, ata a próxima.

O presidente a Comisión (señor Vereia Fraiz): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Noa Presas.

A señora Presas Bergantiños (BNG): Moitas grazas.



Intentarei ser disciplinada. Breve, non sei se podo prometer pero...

Ben, nada, eu quería insistir que á hora de abordar este plan de traballo pois, efectivamente, temos que insistir outra vez na cuestión do atraso consciente por parte do Partido Popular desta Comisión. E eu volvo recordar, este grupo historicamente foi sempre moi flexible coa adaptación nos tempos desta Comisión; e, se non me cren a min, están os diarios de sesións e temos tamén o letrado, que leva máis tempo que ninguén dos presentes nesta Comisión. Pero en todo caso é que xa clama a exaxeración neste caso concreto porque, si, houbo un período electoral, houbo outros períodos electorais que coincidiron e que nin sequera este Parlamento tiña período de sesións hábil.

En todo caso —insisto—, este Parlamento xa celebrou comisións todo o mes de maio, todo o mes de xuño; puidemos ter perfectamente unha Comisión xa no mes de maio, outra no mes de xuño, substanciar separadamente incluso algún debate de forma selectiva. Eu mesma o dixen: as normas de relacionamento entre o Parlamento e o Consello contemplan a posibilidade de debater un a un, eu creo que hai que ir a un termo medio razoable. Porque, como di sempre o señor Santalices —o presidente deste Parlamento— aquí se traballa e trabállase moito, e tampouco se trata de ocupar todo o tempo do Consello de Contas tamén en que comparezan individualizadamente con informes que se cadra se poden agrupar; agora, entre o todo e a nada hai un termo medio.

E o Partido Popular ten que asumir —e máis as que somos repetidoras e sabemos como funciona esta Comisión— que conscientemente deixaron a unha tarde do mes de xullo, da última quincena do último período de sesións, este debate para que así as propostas e recomendacións queden diluídas ata o mes de setembro. E, polo tanto, vai haber un atraso que xa —home, fáganse unha idea— hai sete meses que este plan se está aplicando, habitualmente debatemos o plan de traballo en marzo —que pode ser un lixeiro atraso no que desde o BNG nunca poñemos o dedo na chaga—; pero, en todo caso, claro, xa 7 meses e que por riba as propostas en común ás que poidamos chegar se vaian aprobar no mes de setembro ou outubro pois, como comprenderán, moi racional non parece.

En todo caso —indo xa máis á cuestión—, eu precisamente quería e tiña no meu esquema anotada unha cuestión á que o propio conselleiro maior fixo mención, que ese plan estratéxico que chegou a este Parlamento xa en novembro de 2023 e que fai que por riba a dilación en debater esta cuestión abunde aínda máis. Eu, telegraficamente, simplemente sinalar que eu creo que é un plan estratéxico que supón un antes e un despois. Eu creo que se introducen aí novidades na óptica de como dar unha nova visión



ao traballo que fai o Consello de Contas e optimizar os recursos, que é moi interesante; e creo que os últimos informes xa teñen incorporada unha óptica pedagóxica de cara á sociedade, que tamén é moi interesante. E, particularmente, a nós parécenos moi positivo todo o que ten que ver con focalizar en todo, ademais de parabenizar e recoñecer a aproximación temporal, e que tamén se teñan incorporado máis informes neste plan de traballo que no anterior. Que é certo que o cuantitativo non é a vara de medir dos informes porque ás veces coincide que hai un informe que a súa complexidade vale por moitos, como pode ser ese do financiamento, pero en todo caso é positivo. Pero eu quería referirme singularmente a que todo o que ten que ver con dar prioridade e contribuír á transparencia mediante as auditorías operativas, ceo que é particularmente interesante para avaliar o rendemento e o impacto dos programas de intervención pública; e creo que tamén focalizar algúns que teñen que ver coa xestión orzamentaria de programas concretos pódenos dar tamén aí claves importantes.

Quería insistir tamén nalgúnhas cuestións que se incorporan no plan de traballo e que ademais é un plan de traballo que demostra capacidade de actualización, como demostrou o propio Consello de Contas cando modificaron o Plan do 23 para introducir a auditoría sobre a crise de Ucraína; e que iso tamén é de agradecer que o Consello de Contas estea permeable a que acontece no mundo e na sociedade e que cuestións requiren de actualizarse.

Eu facer simplemente algúns comentarios sobre este plan, que hai cuestións que me parecen interesantes, como ese informe de fiscalización operativa dos incentivos á creación de emprego. Un dos debates tradicionais neste Parlamento é a baixa execución de varios programas de emprego, entre eles, un dos que se vai fiscalizar, o 322A, que ten unha execución inferior ao 55 % se analizamos —como fixemos desde o BNG— a execución de 2019 o 23 para ver así o periodo pre post covid. Polo tanto, creo que é positivo que un programa deste tipo que o fiscalice o Consello de Contas e que se vexa cal é o retorno real dese programa, e así con outros que están enriba da mesa.

Creo que esa proposta de fiscalizar o que ten que ver cos recursos do Pacto de Estado en materia de violencia machista pode ser moi interesante porque un dos debates que temos tido nesta Cámara e como o enfoque centralista que tivo ese pacto impediu nalgún momento e houbo algún consenso nesta Cámara, por exemplo, vostede que vén do mundo da xudicatura unha das cuestións era que moitos dos fondos ían dirixidos a cuestións máis relacionadas co ámbito da publicidade e propaganda; e aquí había unha necesidade de investimentos reais, por exemplo, no ámbito da xustiza para mellorar as instalacións. Fóra do debate de que eu podo considerar que a Xunta pode destinar dos seus propios orzamentos, é certo que un informe deste tipo pode darnos claves desde a óptica galega de demandar ao Estado correccións neste pacto.

Tamén paréceme moi importante que de motu propio o Consello de Contas incorpore programas e áreas que vostedes mesmos cualifican como sensibles, como a vivenda protexida; é outra cuestión que está centrando a nosa acción política porque entendemos que en dos problemas máis importantes que ten a sociedade galega neste momento. E aínda que nos gustaría que o período do informe fose máis amplo, non só do 22 e 23, parécenos que é algo que pode ser positivo.

E tamén outras cuestións como fiscalizar ese plan estratéxico da Xunta, que aquí tivo unha tramitación moi mediocre, tanto o anterior como vixente. E outras cuestións que tamén recorrentemente son obxecto da nosa preocupación, como as propias contas da TVG, ou seguir avanzando no ámbito do Sergas.

Eu creo que os últimos informes do Sergas e historicamente os que o Consello elabora son tremendamente importantes, eu convidaríaos e convidámoslos nas nosas recomendacións a continuar cos informes por área sanitaria en canto á prestación de medios privados; e hai algúns que están previstos rematar este ano, como o de atención primaria, que eu creo que son singularmente importantes. Polo tanto, as cuestións que vostedes incorporan, moitas delas parécenos moi interesantes e que van ser moi positivas para o noso propio traballo parlamentario, tanto de control como de impulso. E tamén estamos á expectativa de ver que eses informes que emanan desta propia Comisión e deste propio Parlamento tamén se o fan é porque hai un particular interese sobre eles.

E, nada, simplemente rematar agradecendo o seu traballo e parabenizando o avance no marco temporal dos informes e na capacidade da súa promulgación. E tamén, así mesmo, creo que tamén nos últimos anos se teñan incorporado parámetros que do punto de vista cualitativo, e non só cuantitativos, son interesantes para o que ten que ver co noso traballo, e co traballo de todos e todas as representantes públicas; e que, polo tanto, pois converte o Consello de Contas nun organismo cada vez máis útil para o noso autogoberno.

Nada máis e moitas grazas.

O presidente a Comisión (señor Vereia Fraiz): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Cristina Sanz.

A señora Sanz Arias (P): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.



Ben, señor conselleiro maior, xa que estamos analizando a memoria de actividades do ano 22, aproveito este momento para trasladarlle os parabéns a ese grupo por ter recibido nese ano a medalla do Parlamento de Galicia. O Consello de Contas, o Valedor do Pobo e o Consello da Cultura Galega, as tres institucións estatutarias premiadas ese ano, constitúen o complemento imprescindible para o correcto funcionamento de calquera sistema democrático. E neste contexto, non podemos esquecer que o Partido Socialista non apoiou a existencia de órganos de control financeiro de ámbito autonómico, senón que apostaba anteriores por un modelo centralizador. Polo contrario, o que se fixo desde o Goberno Popular da Xunta foi reforzar os órganos estatutarios con medidas como a incorporación das funcións de prevención da corrupción que se realizan desde o propio Consello de Contas, ou como a inminente creación da Autoridade de protección da persoa informante, da valedora do Pobo. E, nese camiño, no de apoiar e reforzar as competencias e o papel do Consello de Contas, sempre nos atoparán.

Ben, señor conselleiro maior, vén de presentarnos un extensísimo e moi completo plan de traballo para o ano 24, o que se encardina no Plan estratéxico 2023-2028. Acabamos de escoitar como estamos ante unha planificación ambiciosa, exhaustiva e de enorme traballo, e nós mediante as recomendacións intentaremos enriquecelo.

Estrutura do plan de traballo en dous programas: o programa de fiscalizacións e o programa de prevención da corrupción. Dese modo, o plan de traballo recolle as fiscalización que se realizan en cumprimento dun mandato legal —que son 5—, as recomendadas por este Parlamento —que son 3—, as previstas en colaboración co Tribunal de Contas —que son 3—, as programadas á iniciativa do Consello de Contas —que son 21—; grupo este último no que se inclúe algo moi interesante como é que dous traballos se fan como consecuencia de comunicacións remitidas para a cidadanía.

Ben, estamos ante un traballo inxente, un total de 32 novas fiscalización dentro das 61 actuacións programadas neste eido. Falamos de informes recorrentes, como a Conta Xeral da Comunidade Autónoma que vimos de debater hoxe. Falamos de informes específicos como, por exemplo, o informe de fiscalización das contabilidades electorais en relación co proceso que acabamos de pasar, o informe sobre posibles irregularidades na xestión local. E falamos de auditorías operativas, ou de ciberseguridade, onde se fiscalizarán materias tan sensíbles como a mencionada pola voceira do BNG: as actuacións para a prevención da violencia de xénero, ou tan interesantes como a eficiencia das fusións municipais.

Ben, un segundo bloque do plan do traballo está formado polo Programa de prevención da fraude e o fomento da integridade pública na xestión coa planificación, por exemplo, dun informe de riscos —mencionado por vostede— na área de disciplina urbanística.



Ben, mediata a reforma da Lei do Consello de Contas, impulsada por este grupo e aprobada no ano 15, reforzouse institucionalmente o Consello a través da atribución de tres novas competencias: primeiro, función de prevención da corrupción; segundo, fiscalización dos partidos políticos que reciben subvencións da comunidade autónoma; e, terceiro, control da evolución dos bens patrimoniais dos altos cargos do sector público autonómico. Desde este grupo parlamentario consideramos imprescindible identificar aquelas actividades susceptibles de corrupción, establecer medidas para minimizalas, e realizar actividades de control para a súa supervisión.

E valoramos moi positivamente todas aquelas iniciativas que redunden en mecanismos efectivos de control do sector público autonómico como, por exemplo, o protocolo firmado con este obxectivo o pasado 2 de xuño do 22 entre a Fiscalía da comunidade autónoma e o propio Consello de Contas; ou os traballos feitos sobre o control de riscos das entidades dependentes do Sergas ou da xestión dos fondos Next Generation por parte das entidades locais. Todo co obxectivo de que as políticas públicas e a integridade institucional se convertan nun pilar fundamental no xeito de traballar do sector público galego, como de feito así o están a facer.

E permítame, señor Aladro, mencionar unha recente entrevista —que xa mencionou a voceira do Partido Socialista— que lle fixeron a vostede no xornal O Faro de Vigo; persoalmente, pareceume tamén moi acertada, e gustaríame recordar algunha idea na que concordamos. O político corrupto é unha rara avis, desconfíase del porque se ignora a súa actividade; ou que a transparencia nunca é suficiente en calquera ámbito, e sempre teremos que reforzala.

Tomamos nota, ler as súas respostas fainos ratificar no acerto que supuxo o seu nomeamento, así como polo seu perfil profesional, quizás o máis axeitado para liderar un órgano de control externo á propia Administración.

Como dicía vostede nese artigo: «antes vía a corrupción desde un punto de vista represivo, de persecución, e agora co novo papel o que fai é axudar a previla; e por iso Galicia pode estar orgullosa de que, á diferenza do que sucede noutros territorios con tramas koldos, EREs e ademais, aquí en Galicia non somos noticia afortunadamente por estas circunstancias».

Señor Aladro, remato xa trasladándolle de novo o agradecemento deste grupo parlamentario polo traballo desenvolvido e a desenvolver, e pregándolle que o faga extensivo ao resto dos membros do Consello de Contas. Galicia seguirá traballando na mesma liña cunha xestión eficiente do déficit e da débeda, cos orzamentos máis altos da historia e xerando novas oportunidades en materia laboral e industrial. Galicia seguirá traballando baixo os principios constitucionais de ilegalidade, eficiencia, eficacia e

economía na súa xestión pública. E Galicia seguirá aplicando todas as medidas que estean a súa man para mellorar os mecanismos de control. Pero non podemos negar que estamos avanzando, que a nosa comunidade evoluciona e crece dun xeito exemplar; iso é servir aos galegos e iso é servir e pensar en Galicia.

Moitas grazas.

O presidente a Comisión (señor Vereia Fraiz): Moitas grazas.

Quenda de peche para o conselleiro maior, arredor de 10 minutos.

O conselleiro maior do Consello de Contas (Juan Carlos Aladro Fernández): Moitas grazas.

E para rematar, no avanzado da hora e moi brevemente, en primeiro lugar, darlles as grazas a todos polas súas palabras e o recoñecemento realizado á función do Consello de Contas e ás persoas que nel estamos integrados.

Quixera facerlles unha referencia a que nosoutros estamos sometidos a prazos para a realización de todos os nosos plans, de todos os nosos informes e de todas as nosas actuacións. O plan aprobado, por exemplo, el plan ao que fixen referencia, o plan anual, foi aprobada o 20 de decembro de 2023, antes de que o ano rematara. O estratéxico foi aprobado o 3 de outubro de 2023, o mesmo para a elaboración dos nosos presupostos, dos plans de traballo da rendición de contas.

Hai outros plans ou outras fiscalización que non están sometidas a prazo pero que son fiscalizacións exprés. Vostede, a representante do BNG, fixo referencia á de Ucraína, respecto da cal nun momento determinado apareceu dunha formas exprés.

Non sei se lles entendín ben a referencial ao Plan de violencia de xénero e á ampliación do período ao que se fai referencia, que nosoutros concretamos entre o ano 18 e o ano 92.

Polo demais, bueno, en materia de prevención, pois, evidentemente, esta é unha función innovadora e que, en efecto, o Consello de Contas realiza dende o ano 2015 en que foi modificada a nosa lei constitutiva e o regulamento de réxime interno. E que ademais é copiada ou semellada noutros órganos da mesma natureza, aínda que algúns crearon outras organizacións diferentes dedicadas exclusivamente á investigación de planes antifraude. Nós entendemos que esta integración no Consello de Contas é, sen dúbida, o máis axeitado.

Nada máis. Moitas grazas pola súa atención.

O presidente a Comisión (señor Vereia Fraiz): Moitas grazas, conselleiro.

Rematada comparecencia e conforme ao disposto nos artigos 7 e 8 das normas reguladoras de relación entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, ábrese un prazo de 3 días hábiles, ata as seis e media do 5 de xullo de 2024, para que todos os grupos parlamentarios poidan presentar propostas de resolución aos informes de fiscalización; obxeccións á liquidación das contas do Consello de Contas 2022; recomendacións á memoria 2022; recomendacións ao plan de traballo 2024; e designación de ponentes para emitir informe en relación cos informes de fiscalización.

Así, levantamos a sesión.

Remata a sesión ás seis e vinte e catro minutos da tarde.